

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 1 de decembro de 2005**

Orde do Día dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, 1 de decembro de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Economía, Facenda e Especial de Contas

1.- Préstamo que se ha concertar por importe de 17.500.000,00 euros, para o financiamento do Plan de investimentos locais 2005.

2.- Presuposto xeral para o exercicio económico 2006 e Bases de execución

Persoal e Réxime Interior

3.- Aprobación do Plan de emprego, Cadro de persoal e Relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña, para 2006.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
EN PLENO DO 1 DE DECEMBRO DE 2005**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 1 de decembro de 2005,
reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **extraordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura da resolución nº 22.548, con data 23 de novembro de 2005, pola que se convoca sesión extraordinaria con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-PRÉSTAMO QUE SE HA CONCERTAR POR IMPORTE DE 17.500.000 € PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- A adxudicación da citada operación a Caixa Galicia por ofrecer as mellores condicións financeiras dentro das ofertas achegadas:

- A) Sen diferencial.
- B) Un tipo de xuro máximo do 5%.

2º.- A citada operación de préstamo ten por obxecto neste exercicio financiar o Plan de investimentos locais de 2005 e cancelarse anticipadamente no exercicio 2006, unha vez coñecido e aplicado o remanente de Tesouraría para gastos xerais de 2005, na parte que corresponde á baixa das obrigas recoñecidas como consecuencia dos acordos transaccionais acadados coa Comunidade Autónoma (Sergas).

3º.- Facultar ao Sr. presidente para que realice as actuacións conducentes á conclusión do proxecto do préstamo que se aproba por este acordo, así como a sinatura do contrato que proceda.”

2.-PRESUPUESTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2006 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Bos días a todos e a todas. O pasado 26 de novembro cumpriu dous anos o goberno de progreso nesta Deputación, dous anos que entendemos que foron frutíferos para a provincia e para os seus cidadáns, e hoxe imos presentar o orzamento inicial, o orzamento preventivo do ano 2006, que indubidablemente nos virá a demostrar que tamén a economía provincial goza de boa saúde.

Non se nos escapa que todo orzamento de calquera institución constitúe o feito político máis importante. É a expresión económica dun equipo de goberno, neste caso, que busca a cooperación e a solidariedade cos cidadáns da provincia, pero tampouco se nos escapa que o orzamento non é algo cerrado, non é algo estático, é algo que vai sufrir transformacións, é algo dinámico, é algo que ao longo do ano 2006, como iremos vendo nel, sufrirá cambios e sufrirá distintas transformacións adaptada a determinados momentos, tanto sociais, como políticos.

Entendemos que a institución provincial, a Deputación, actúa de forma áxil, de forma obxectiva, de forma cooperativa e de forma solidaria, tendo en conta aos 94 concellos da provincia, e sen distinción ningunha de cor política.

Cales serían as características principais deste documento contábel, político, económico, que hoxe imos debater aquí e que xa foi estudado na comisión informativa correspondente? Primeiro, que é un orzamento realista porque toma en consideración os ingresos previsíbeis, insisto nos ingresos previsíbeis, e os gastos necesarios que se consideran inicialmente. E tamén un orzamento solidario, porque incorpora programas de solidariedade provincial a través de servizos sociais e en colaboración coas distintas ONG da provincia. E tamén, como non, cos nosos veciños de alén do mar, de Iberoamérica, que están a atravesar penurias e circunstancias coñecidas por todas e que, aínda que cuantitativamente as economías non son elevadas neste aspecto, si cualitativamente o labor humanitario e de solidariedade hai que telo en conta e valoralo.

Continuamos coa modernización dos servizos, dos Servizos de Recadación, de Xestión e de Inspección Tributaria, que iremos debuxando ao longo desta primeira intervención cales son os aspectos máis destacados e, á vez, levarase a efecto a informatización dos concellos da provincia para a súa modernización. Como saben as

Sras. e Sres. deputados, acabou unha operación piloto en tres concellos que deron un signo favorábel, e a través do Servizo de Cooperación e Asistencia a Municipios, e a través dos plans singulares, en coordinación co MAP, trataremos de trasladar esta modernización a todos os concellos da provincia. Á vez, neste aspecto, afondarase nas aulas de informática municipais.

Seguir e avanzar co diagnóstico económico e estratéxico da provincia, estoume a referir ao Plan estratéxico provincial, que tivo a presentación en oito lugares polos distintos sectores que participan nel, pola Deputación, polas Universidades de Santiago e da Coruña e pola Fundación Caixa Galicia. Esperamos que no primeiro trimestre do ano próximo, de 2006, se cheguen ás conclusións e se chegue a saber cal é a realidade socioeconómica de infraestruturas, en fin, a realidade xenérica de toda a provincia para acometer os tratamentos adecuados a ela. Neste aspecto quero dicir que paralelamente a este Plan estratéxico, estase a actualizar a enquisa de equipamentos e infraestruturas locais a través do Servizo de Asistencia a Municipios, e que vai paralelo, indubidablemente, a este Plan estratéxico provincial.

Mellorar a calidade de vida en xeral de todos os cidadáns da provincia, con novos investimentos que, como dixen antes, debuxaremos ao longo deste debate, e que van afectar a novas infraestruturas en estradas, novos equipamentos deportivos, destacar as piscinas climatizadas que van completar unha rede comarcal destas, consideramos que é un investimento importante, investimento de tipo cultural, e investimentos dirixidos a todos os concellos, teño que dicir, sen matiz político en ningún deles, senón con criterios o máis obxectivos posibles.

Como non, outro aspecto é que por primeira vez na Deputación Provincial da Coruña se aproba un Plan de emprego integral, un Plan de emprego integral para todos os traballadores, tanto funcionarios como persoal laboral, que comporta e que fan realidade os traballos que os políticos deseñamos. Indubidablemente, isto é algo importante e, á parte das distintas promocións internas, as reorganizacións, as reclasificacións, todo o que se vai levar a efecto, eu quero aproveitar aquí en nome do goberno para felicitar ás persoas que negociaron este plan de emprego, que terá unha duración de catro anos, un plan de emprego, repito, integral, e que indubidablemente, tanto as organizacións sociais dos traballadores como os deputados do equipo de goberno, puxeron o seu traballo e o seu ímpeto para que isto fose unha realidade e que se transformase en algo positivo para todos en xeral.

Outro aspecto importante, xenérico, é a busca de emprego. Sabemos todos, a través das distintas enquisas, que un dos problemas máis importantes que temos na sociedade da Unión Europea, da cal formamos parte, é a loita contra o desemprego. Pois ben, a Deputación, a través de distintas bolsas de emprego que se vai tratar de buscar, a través de temas importantes, como son os programas europeos, imos tratar de buscar as fórmulas e quero lerlles unha noticia recente que remata de chegar, que xa llela digo sen necesidade de buscar o documento, remátanos de chegar, por exemplo, a

concesión neste aspecto do Proximitas plus, o Proximitas plus é un novo complemento do Proximitas que se levou a efecto este ano, e que ía dirixido fundamentalmente ás mulleres, á inserción laboral das mulleres, e que se conseguiron efectos importantes. O Rurbanet, o Equal muller XXI, a Axencia Enerxética Provincial, as vías atlánticas, son programas que están a favorecer o emprego, e que están a axudar a montar pequenas empresas no caso do Rurbanet, en distintos puntos da provincia, sobre todo naqueles onde a incidencia do desemprego é maior; e como non, van axudar tamén as actividades, os investimentos, que directa ou indirectamente se fan ao longo da provincia e que contribuirán á creación de novo emprego. A busca de emprego é un dos factores importantes.

Os investimentos, os programas, as actuacións, de acordo coa documentación que está en poder das Sras. e Sres. deputados, cuns gráficos que son moi ilustrativos, ven que de cada 100 euros, 70 van destinados a estes apartados. O 70% do orzamento desta institución, á parte dos gastos necesarios en persoal ou en gasto corrente, están dirixidos a investimentos, a mellora dos servizos, a programas, etc., ao longo da provincia.

Quero destacar tamén a austeridade do orzamento, a limitación do gasto corrente, que é algo contra o que o equipo de goberno temos un empeño, e indubidablemente este ano se avanzou considerabelmente ao non chegar ao 1,5% o capítulo II de gastos correntes e de servizos, e ver tamén que a débeda viva se reduce, e que a carga financeira se sitúa no máis baixo dos últimos trece anos, o 9,64%.

En resumo, dentro destas características globais, hei dicir que a orientación, de forma práctica e eficaz destas contas, vai tratar de que se mellore a calidade de vida dos nosos cidadáns da provincia, a través dos servizos, dos distintos investimentos, e dun longo etcétera que iremos a continuación estudando nesta primeira intervención.

Pero antes de pasar ás características en si do orzamento, si indubidablemente non podemos esquecer que detrás de toda esa cuestión numérica existe unha filosofía política que trata de buscar esa mellora que dicía ao longo da intervención, e que se tentan alcanzar unhas metas e uns obxectivos na súa máis alta porcentaxe, e que se van logrando, como así vimos aquí no orzamento, cando se fixo a rendición da conta xeral, que os números eran bos.

Quero agradecer en nome do equipo de goberno, e en nome propio, o labor dos funcionarios e de todo o persoal que colaborou neste documento, especial atención ás persoas de estudos económicos que me consta que traballaron moito nesta cuestión. E en canto á presentación, faise en tempo e forma con todos os documentos precisos que acompañan en materia orzamentaria, que non vou relatar aquí, porque é coñecido polas Sras. e os Sres. deputados, e que indubidablemente esperamos que a valoración de toda a Corporación sexa favorábel.

Quero destacar que se tratou, como no exercicio pasado, e se cabe neste ano afondando máis, de iniciar un orzamento base 0, é dicir, un orzamento que non tivese en conta as economías pasadas, senón que vise a realidade concreta. Leváronse a cabo reunións de tipo político e de tipo administrativo, cos xefes de servizos, directores encargados dos distintos centros, que deron a súa opinión sobre este orzamento. Polo tanto, estamos orgullosos de que sexa un orzamento moi participativo, e que indubidablemente tivo distintas fases e, concretando, o calendario de traballo para os grupos políticos iniciouse o pasado mércores, 23 de novembro, que remata de finalizar, entregouse o primeiro documento na Xunta de Portavoces aos grupos que comportan esta Cámara Provincial, o luns tivo lugar o ditame e a súa presentación na Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, e hoxe estamos aquí para lle dar o visto e praxe se así o considera este Pleno provincial.

Cales son xa numericamente as características do orzamento a nivel, digamos, xeral? O orzamento inicial é de 166.849.420 €, coinciden o capítulo de ingresos e o capítulo de gastos, o que representa a nivel provincial en torno a 149 € por habitante desta provincia, medra preto de 6 millóns, o que supón o +3,67 superior ao IPC interanual, que como saben vostedes entre estes meses de outubro-outubro, está en torno ao 3,5%. Polo tanto, supera o incremento orzamentario o IPC previsto. E xa no capítulo de ingresos vemos que a estrutura orzamentaria é moi semellante á do exercicio 2005, diríamos que existen tres apartados importantes, a cesión territorializada de determinados tributos do Estado, do imposto de valor engadido, de IRPF e dos impostos especiais, fundamentalmente de hidrocarburos, por un montante de algo máis de 20 millóns de euros. O fondo complementario de financiamento, que significa tamén un pequeno incremento e que supón algo máis de 103 millóns, contando que este ano si son 12 mensualidades, non 13 como o exercicio pasado, por iso xa digo que tratemos de botar ben as contas, este ano son 12 mensualidades, o ano pasado foron 13, polos feitos que coñecen as Sras. e Sres. deputados e aos cales non me vou referir, porque é perfectamente coñecido.

Existe unha compensación por minguas da retirada do IAE daquelas empresas que teñen unha facturación inferior a un millón de euros, por algo máis de 4.400.000 euros; consideramos que isto é insuficiente, consideramos que dentro destas insuficiencias, unha delas é a compensación do IAE, pero tamén vemos que a mellora é sensíbel, e aí están os números e as táboas que elaboran os técnicos e que nos din que estamos no bo camiño. Dentro da negociación do pacto local, que levan as distintas institucións municipalistas, como son a FEMP e a FEGAMP, hai que destacar que se deron avances importantes, non soamente na compensación do IAE, senón nos consta que a nivel galego a FEGAMP, e a nivel estatal, os seus equipos directivos están a traballar para un mellor financiamento das entidades locais, tanto concellos como deputacións, como cabidos insulares -que desde aquí queremos mandar o noso testemuño de solidariedade aos cabidos e ao pobo canario, á comunidade canaria, pola desfeita que tiveron recentemente coa treboada tropical-, e os consellos insulares, todo iso indubidablemente, sempre van ser insuficientes as melloras porque os concellos

somos a Cincenta da Administración, e aínda as porcentaxes ás cales entón me referirei, non son as que temos que alcanzar debidamente.

Esa segunda descentralización, e esa participación no gasto público, porque a descentralización das autonomías aos concellos ten que vir polas economías suficientes de actuación, aínda a temos moi lonxe, medrou só medio punto desde o exercicio pasado, estamos naquela utopía, digamos utopía realizábel, da asemblea da FEMP da Coruña, do 50-25-25, Administración Central, Autonomía, entidades locais, respectivamente, subimos un pouquiño, moi pouca cousa, pero imos dando pasos e entendemos que estamos, repito, como xa dixeran, no bo camiño. Esperamos que ese pacto local sexa real e non sexa virtual, e que a participación das distintas administracións sexa tamén solidaria, como é este orzamento provincial.

Os orzamentos da Deputación non se nos escapa que son realmente dependentes. A Deputación é unha institución que ten dependencia orzamentaria, este ano en torno ao 87%, quere dicir que o 13% restante temos a nosa autonomía propia, e esa autonomía onde está?, onde radica?, pois radica nas taxas e nos prezos públicos, no alleamento de investimentos de bens, se é que os temos, neste caso hai unha partida importante dunha parcela do Polígono de Sabón, e a apelación ao crédito que este ano supón nove millóns e medio de euros, entendemos que é moderada, dada a situación á que entón me referirei, a situación económica da Deputación, que está nun estado de saúde, entende este equipo de goberno, bastante boa, aínda que como todo, mellorábel, e que vai financiar este empréstito, este crédito, vai financiar o Plan de obras e servizos, que sofre un incremento de 600.000 € e que co MAP e coas achegas do crédito e da Deputación, confortarano na súa totalidade. Direi neste aspecto que cumprimos sobradamente a Lei de estabilidade orzamentaria.

Quería referirme a continuación a darlle uns datos verbo da situación de endebedamento desta institución provincial. A débeda viva é baixa, supón o 70,73, sobre os ingresos liquidados no exercicio anterior, saben vostedes que aquí existe un tope que é o 110%, e que hai unha diferenza considerábel, e se vemos en relación ao exercicio pasado, vemos que estabamos no 80,84 no ano 2005, e prodúcese unha baixa que consideramos boa para todos e para esta institución. O aforro bruto supera os 54 millóns de euros, e o aforro neto supera os 43.400.000 euros, é un pouquiño máis. Polo tanto, estes datos da débeda viva, do aforro bruto e do aforro neto constitúen os piares da solidez económica desta institución provincial, e así se reflicte evidentemente na carga financeira, que como vostedes observaron, e viron nos informes técnicos, ten un montante de 9,64, é a máis baixa dos últimos trece anos, a carga financeira que nun momento determinado fixaba o seu tope no 25%, está no 9,64%, polo tanto, para satisfacción de todos, teño que dicir que a economía provincial goza de boa saúde, pese a que este ano temos que facer un pagamento extraordinario dunha sentenza que condena o Supremo a esta Deputación por un montante de 885.452 €, que por certo puido terse evitado, pero están aí os números e hai que facer fronte ao que dita o órgano supremo de xustiza ao que se recorreu en casación, e onde se perdeu, e mesmo nos condenaron a pagar custas.

E xa pasamos a ver o estado de gastos. O estado de gastos, as Sras. e Sres. deputados teñen un resumo moi concreto, e teñen un diagrama de barras, poden seguir o diagrama de barras para que non sexa tan monótono o relato numérico, e se non, se lles gusta máis, un diagrama circular, onde se poden apreciar, evidentemente, os datos e as cifras que a continuación vou expor. Igualmente teñen un resumo de todas as achegas que levan os distintos gastos e que se clasifican orzamentariamente en tres criterios: no criterio orgánico, funcional e económico, é dicir, onde se gasta, como se gasta e para que se gasta, son as tres preguntas que obedecen a estes tres criterios orzamentarios. O gasto na súa maior parte vai dirixido aos cidadáns da provincia a través de concellos, a través de institucións, asociacións, e claramente observamos e vemos que é un orzamento de progreso. Repetiremos que, do total orzamentario, a cantidade que se reflicte nos gráficos e nos documentos que acompañan, que están no seu poder, significan algo máis de 116 millóns, case 117 millóns de euros, e en torno ao 70%. Que quere dicir isto?, quere dicir, como xa expliquei ao longo desta a miña primeira intervención, que as transferencias, investimentos, servizos, programas de actuación, etc., de cada 100 euros, 70 van dirixidos a esta finalidade, cremos que é importante, cremos que o estudo que se fai, ou que faremos del vai ser máis miúdo, pero estamos satisfeitos con este orzamento de cara ao 2006 e esperamos que o grupo provincial do Partido Popular tamén o saiba valorar. Destacar a partida máis importante, que é Xestión de Plans e Infraestruturas, que supón un 21,65% do montante total do orzamento, e como partidas destacadas, a partida de modernización dos concellos, ao que me refería ao inicio da intervención nas características globais do orzamento, ese plan piloto trasladado ao resto dos concellos da provincia, ao resto dos concellos menores de 50.000 habitantes, e que vai supor 1.200.000 euros.

Quero destacar tamén a rede viaria local que aparece en Xestión de Plans e Infraestruturas, aínda que entón, como ben é sabido, xestionarase en programas de Vías e Obras. O Programa operativo local, que aínda que a cantidade é a mesma, houbo unha mingua con relación ao exercicio pasado, dado que hai unha supresión por parte do MAP da reserva de eficacia, que foi un premio á boa xestión da Deputación da Coruña, deste Programa operativo local. Esperemos que esta adición, esta reserva de eficacia, por ser eficaces, recibamos de novo o trato que merecemos por parte do Ministerio de Administracións Públicas.

E destacar, fundamentalmente, outros dous proxectos que cremos que son moi importantes para a provincia. Por un lado, a segunda fase do Plan plurianual de piscinas cubertas climatizadas que cun total de seis millóns de euros van complementar unha faceta que cremos importante e fundamental en municipios de 10.000 habitantes, ou en municipios agrupados ou singulares, refirome aos municipios de Teo, Rianxo, Porto do Son, Cariño, e agrupados, os municipios de Ares-Mugar dos. Faise esta segunda fase que se iniciou, como saben as Sras. e Sres. deputados, no exercicio no que estamos, e no Expediente de modificación de créditos número dous.

E como non, o plan estrela, o plan principal desta casa, o Plan de cooperación ás obras e servizos, que medra, como dicía, 600.000 euros, o que supón un aumento do 2,71%. O Plan de cooperación das obras e servizos con criterios obxectivos, criterios dunha cota fixa, esforzo fiscal, poboación, superficie e dispersión da poboación nas zonas rurais a través do núcleo principal en Galicia, como é a parroquia despois do Rueiro, son as bases nas cales se distribúen, e onde ningún concello perde ningún diñeiro, senón que en todos aumenta cantidade. Polo tanto, e con respecto total á autonomía municipal na xestión e na parte contractual, entendemos que é un avance importante tamén para os concellos e, como non, para os cidadáns da provincia.

Quérome referir, aínda que logo no punto da orde do día se vai estudar con máis detalle, o capítulo de persoal, porque este ano este capítulo merece unha especial atención, non soamente a súa contía, que significa o 19,51% do orzamento, senón tamén o seu incremento, que son 1.621.879 euros, que significa un 5,25 a maiores. Á parte das retribucións básicas, do 2%, que contempla a Lei de orzamentos xerais do Estado, e que estaremos a ela por se xorde algunha modificación, algún cambio, e o complemento para alcanzar as dúas pagas extras, incluír o complemento de destino na paga extra de xullo e na de decembro, co 1,1 aproximadamente, existe unha partida de 2,2% para afrontar nesta anualidade o Plan de emprego integral da Deputación. Este plan de emprego que vai a promoción interna, as reorganizacións e as reclasificacións, e que como dicía ao inicio desta intervención, cunha duración de catro anos, terá indubidablemente un efecto importante nos traballadores desta casa. O presidente da Deputación, na súa toma de posesión, subliñou este tema, que entón se viu reflectido no pacto de goberno progresista entre as forzas socialista e nacionalista que ostentamos, neste caso, o goberno da Deputación. Eu quero destacar a negociación que se fixo a través da Presidencia de Persoal, de Germán Diz, e da deputada de Servizos Sociais Margarida Vázquez Veras, e como non, a parte social representada polos distintos sindicatos, que asinaron unha gran parte deles, que representan unha cobertura, cos cales esperamos, e convido a este equipo de goberno, a que se sumen todos, este calendario importante, e que a ampla maioría social desta Deputación, que se vai ver beneficiada con este plan de emprego, que sexa debidamente recoñecida, como así agardo que se faga.

Pero non soamente as cantidades económicas, que superan neste ano unha achega de algo máis dos 700.000 euros, é importante de cara ao exercicio 2006, senón que tamén se asinou que en 2007 a contía de promoción interna se reflecta en 150.000, creo que estamos no bo camiño neste aspecto, e creo que é un feito importante na historia desta institución provincial, as felicitacións do equipo de goberno a todos aqueles que participaron nas negociacións.

Tamén coa finalidade do cumprimento doutras previsións, tanto para funcionarios como para persoal laboral, debemos destacar que na base 40 do orzamento existen partidas para formación e perfeccionamento, para seguros, para achega a plans de pensións para anticipos reintegrábeis a persoal en activo, como partidas máis destacadas que aparecen, como digo, reflectidas na base 40.

Capítulo importante merecen tamén outras partidas, algunhas delas cuantitativamente pequenas, pero cualitativamente importantes. Quero destacar as relativas a educación, cultura e deportes, que sofren un pequeno incremento, fundamentalmente referido aos deportes e ás piscinas climatizadas, que xa non me referín a elas, xa me referín no capítulo de plans. O longo de Cultura, Deportes e Educación, significa o 13,25% do orzamento, destacar que continuamos co mantemento das aulas informáticas, que foi unha preocupación do Partido Popular, aparecen con 550.000 euros, e coa modernización que explicaba, e co convenio que se vai asinar con R para o seu investimento en novos materiais nestas aulas de informática municipal, é dicir, estamos mantendo, potenciando e modernizando estas aulas de informática. Apoio a actividades educativas, a congresos, a actividades culturais, a actividades deportivas, promoción de asociacións de veciños, onde este ano por fin imos acabar con ese pequeno lastre que acompañabamos e que foi debatido aquí amplamente e ao cal non me vou referir.

As nosas vías provinciais necesitan unha atención o máis adecuada posíbel, e así este orzamento recolle partidas destacadas tanto en investimentos, no Plan VIP, con cinco millóns de euros, e que incrementaremos ao longo do exercicio en distintos expedientes, como no Plan de travesías, con millón e medio de euros. Quero destacar aquí o capítulo de mantemento e conservación de estradas, que o incrementamos medio millón de euros, pasa de 6.000.000 a 6.500.000. Isto, aínda que forma parte do gasto corrente, e que se incrementa un 6,69% en relación ao exercicio anterior, a nosa filosofía é que non debese de formar parte, pero así o din os técnicos, e nós así o facemos, como obedientes que somos, pero o que si quero destacar neste aspecto, de todo o gasto corrente do capítulo II, quero volver a reiterar a súa evolución para menos, non para máis, estamos no 1,48% do orzamento, moi por debaixo do IPC interanual e tendo en conta que aí van partidas que nós entendemos que son realmente prestacións de servizos. Aí está o caso de seis millóns e medio de conservación de estradas. Tamén é importante o capítulo destinado a expropiacións, motivado que moitas veces os terreos é necesario pagalos e expropialos para executar as obras, dous millóns e medio de euros, e un incremento do 20%.

Todo isto, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, indubidablemente que merece un plan máis cobizoso, e este equipo de goberno, como xa anunciou o seu presidente na comparecencia no Parlamento de Galicia, está disposto a facer a negociación interinstitucional, tanto de estradas, como de centros educativos, como de centros sociais: no seu momento haberá que sentarse a nivel de estradas, que é o que toca agora, e co Ministerio de Fomento, a COTOP, os concellos e a Deputación, chegar a acordos de distintos transvasamentos de estradas que algunhas son claramente de competencia duns organismos e estamos manténdoas e conservándoas outros.

Esta reflexión, indubidabelmente, servirá para anunciar que se tratará de iniciar esa mesa de diálogo e que esperemos que chegue a acordos tan importantes como o Plan de emprego.

Capítulo importante merece Promoción Económica, que está a traballar indubidablemente moi duro en partidas como a dos bombeiros ou de protección civil. As achegas aos parques provinciais de bombeiros a través do seu Consorcio, significan un esforzo importante desta institución provincial. Neste momento trataremos de alcanzar a finalización do parque de Cee e de Santa Comba, e chegar a comarcalizar o de Santiago, que está avanzado, e o de Ferrol e A Coruña que, indubidablemente, é necesario retomar, estudar e afondar.

A preocupación pola limpeza de praias, pola extinción dos incendios forestais, polos programas de acción comunitaria en combinación cos concellos e coas institucións, e familias sen ánimo de lucro, forman parte do centro deste programa de promoción económica, que supón un total de algo máis de 15 millóns de euros. E a promoción económica non se pode esquecer do sector primario, do sector primario e do sector industrial, é importante seguir colaborando no fomento pesqueiro, co sector do mar, tan importante na produción de Galicia, ou no sector primario, onde van tres subvencións destinadas aos tres sindicatos labregos importantes: Xóvenes Agricultores, Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias, cada un individualizadamente con 100.000 euros, e á vez esta colaboración tamén se ve reflectida a través das indemnizacións nos proxectos que, diseminados ao longo e ancho da provincia, de PRODER, LEADER ou AGADER, se están a levar en distintas comunidades, ou en distintos grupos de acción local, a Deputación participa con 6.000 euros por cada concello en cada programa destes, o que contribúe a facilitar o menor desembolso dos concellos afectados.

Quero destacar o baixo nivel dos intereses, perdón, non baixo o nivel, o pequeno incremento, hoxe xa podemos dicir así, porque segundo escoitaba ao vir a este Pleno, parece que o Banco Central Europeo vai subir un cuartiño os intereses e pasarán do 2 ao 2,25, coa posibilidade de que iso se incremente aínda máis no ano 2006. Polo tanto, fixemos unha previsión, sobre todo nos intereses que hai que pagar polos intereses, como intereses de amortización de capital, e cremos que é importante estas achegas.

E tamén, como non, outros apartados como son Enxeñaría, Arquitectura, que sofren minguas motivadas porque, tanto o Colón como o edificio administrativo, ou o Centro das Artes Escénicas, ou Caaveiro, as Torres do Allo, están xa os investimentos practicamente totalizadas, e aquí prodúcese unha baixa.

É importante tamén destacar o capítulo de servizos sociais, indubidablemente, falabamos dun orzamento solidario, e aquí queremos destacar que, aínda que supón un 3,96% do orzamento, a atención aos centros, como o Fogar Infantil de Ferrol, ou o Emilio Romay, e outras actividades de apoio, como a asistencia domiciliaria, pola pulseiriña que se lle pon ao señor de idade que chama cando se encontra mal, eses pequenos detalles humanitarios, creo que son importantes, e que debemos facer fincapé neles, e niso se está a traballar desde Servizos Sociais. E na mesma parcela provense

políticas de igualdade de xénero, presupóstanse algo máis dun millón de euros, e continúaase, como non, na normalización lingüística, que se están a dar pasos firmes e seguros neste aspecto, que hai que seguir avanzando, indubidablemente na cultura, na base cultural do pobo galego, que é a nosa lingua, como dicía Ramón Cabanillas, o poeta da raza.

E xa para ir finalizando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, quémome referir á importancia dos proxectos europeos, ser reiterativo nos proxectos europeos que tamén me refería ao inicio da miña intervención. O proxecto máis recente, o Dixital Plus, perdón, o Proximitas Plus –falaba de Dixital Plus, estaba a confundir agora coa cadea de televisión, por suposto, trátase do Proximitas, non do Dixital Plus-, e todos estes programas europeos que algúns están en marcha, outros comezarán, cito algúns, o RURBANET, que tiveron a ocasión de participar por delegación da Presidencia na súa inauguración; o proxecto TURMAS, que remata no próximo ano 2006, o EQUAL Muller XXI, o Proximitas Plus, que reitero; a Axencia Enerxética Provincial da Coruña, que isto vai ser unha novidade, e isto vai ser a recuperación, a creación dunha Axencia Enerxética provincial, para a recuperación dos traballos onde a minaría tivo unha importancia estupenda, como son o contorno das Pontes e o contorno da zona de Cerceda, refírome a Meirama, saben vostedes que noutras zonas da bisbarra de Bergantiños, nalgún momento as minas de Wolfram foron importantes e tiveron unha incidencia importantísima, mesmo igual na zona de Noia, indubidabelmente que tamén tiveron a súa importancia.

(Entra no salón o Sr. Candela Castrillo).

E, como non, quero finalizar esta intervención falando dos servizos de Recadación, Xestión e Inspección Tributaria, -dándolle a benvida ao compañeiro Pancho, que sei que tivo un voo desde Madrid- tentamos que este servizo, aínda que a cantidade é o 1,73% do orzamento, en xeral estamos a marcar creo que pautas importantes, e que así o expuxemos xa na Comisión Informativa correspondente. Estamos neste momento finalizando, digamos, tres novos locais na Coruña, que xa está en funcionamento, en Ordes, que se complementará, en Betanzos que sairá en licitación proximamente. Estamos a facer unha aplicación, que será unha novidade para o Servizo de Modernización, onde se poderá mesmo conectar a internet, e onde trataremos de que as axencias dos servizos de Recadación, sexan auténticas oficinas de información da deputación. Importante a instalación delas, que se está a traballar, dos puntos de información catastral, dos puntos PIC, que neste momento existe un na provincia, e en Galicia, e que trataremos de trasladar a través dun convenio co catastro, a todas as zonas de recadación, que as queremos facer órganos dinamizadores da información e do bo servizo aos cidadáns.

E entón outros moitos investimentos no Pazo de Mariñán, na Imprenta provincial, no Polígono de Sabón, pero xa creo que o meu discurso está a ser demasiado longo, e vou ir parando. Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, despois desta intervención, que pido desculpas pola súa reiteración en moitos puntos, e onde de

cada 100 euros, 70 van ir aos nosos cidadáns da provincia, para distintos programas, este equipo de goberno entende que este é un orzamento realista, solidario, modernizador, onde se fai o primeiro Plan de emprego provincial, onde se buscan bolsas de emprego, en resumo, que se orienta para os cidadáns da provincia, inspirados na obxectividade, na cooperación e na solidariedade.

Polo tanto, pido o voto favorábel para este documento contábel, para que sexa realidade no exercicio 2006, grazas a todos pola atención.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Lagares, e grazas pola brevidade que nos anunciou ao principio da súa intervención. Como vexo que se están revolucionando un pouco os Sres. e Sras. deputadas, estanme a dar noticia o Sr. Nogueira de que se estrelou o helicóptero onde viaxaba o Sr. Rajoy e Aguirre, pero que grazas a Deus, están ben, ten feridas leves o Sr. Rajoy e a Sra. Aguirre creo que está ben, sen novidade, digo porque estaba a crear un ambiente de inqueda na sala.

Sra. Cea Vázquez

Finalizada a intervención do deputado e presidente da área de Economía e Facenda, o Sr. Lagares, quero facer no nome do grupo provincial do BNG a valoración que nos merece o presente Orzamento 2006. Todo o relativo a cifras e partidas económicas de cada capítulo, xa foi perfectamente explicado polo deputado responsable de Economía, por iso vou soamente a comentar e destacar algúns aspectos do Orzamento obxecto do debate de hoxe.

En primeiro lugar lembrar novamente que este é o terceiro Orzamento que aprobamos en só dous anos, e isto, tratándose dun goberno de coalición de dúas forzas políticas, é altamente significativo, pero o feito de ser o terceiro orzamento e de que o debatamos, ademais, antes de que finalice o presente ano 2005, é unha mostra clara, é un indicador importante do bo funcionamento do goberno provincial. Cumpríronse dous anos desde que comezaron a gobernar conxuntamente nesta deputación dúas forzas políticas, grazas ás que teñen presenza nesta institución temas e cuestións que en etapas anteriores non se lles prestaba a necesaria atención. E agora, dentro da marea de números que arrastra un orzamento, quería determe especialmente nalgúns aspectos relevantes del.

En primeiro lugar quero comezar dicindo que o pasado 25 de novembro foi un día de recordo e de reivindicación para todas as mulleres vítimas dos malos tratos. A violencia contra as mulleres é unha tremenda lacra da sociedade, ante a que non podemos mantérmonos pasivos nin indiferentes. E o goberno desta deputación é consciente disto, e por iso destina unha partida de 1.121.000 euros para seguir traballando na área de política de igualdade de xénero, e contribuír así a pór fin a este grave problema social.

Canto a normalización lingüística, é tamén unha área que non existía nesta deputación en etapas anteriores, e que agora no presente exercicio contará con 450.000 euros para diferentes actividades encamiñadas a manter, coidar e impulsar tamén o uso da nosa lingua.

Destacar en terceiro lugar a importante partida económica destinada á área de cooperación e asistencia aos concellos. Estoume a referir aos 22.100.000 euros que serán investidos no POS, no Plan de Obras e Servizos, e 7.422.728 euros, no POL, dous plans provinciais dirixidos a todos os concellos da provincia, partida que, por certo, aumenta en 600.000 euros en relación ao ano pasado, e estamos a falar, polo tanto, dun total de 30 millóns de euros, destinados a obras nos 94 concellos da provincia, porque a Deputación da Coruña non discrimina a ningún concello, non houbo, hai, nin haberá ningún concello que quede excluído destes dous plans provinciais.

E tamén dentro da área de cooperación e asistencia aos concellos, responsabilidade do vicepresidente da deputación, inclúese neste orzamento unha partida de 1.200.000 euros para elaborar un Plan de modernización da administración local, que persegue modernizar os gobernos locais, a través da utilización de tecnoloxías da información.

Outro aspecto a destacar neste orzamento é o turismo na provincia, destínanse a este fin algo máis de 1.700.000 euros para continuar coa promoción, potenciación e impulso de todo o turismo provincial, a través de obxectivos concretos, como xa se vén desenvolvendo e executando no Plan de dinamización da Costa da Morte, que será ampliado cun Plan de dinamización das bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegal, e ademais coa presentación en breve dun diagnóstico sobre a importancia que ten o turismo provincial.

Non nos esquecemos neste orzamento da promoción económica dos sectores primarios, da agricultura, gandería e pesca, tres sectores fundamentais para a provincia, e por iso aparecen partidas de 800.000 euros para o fomento do sector pesqueiro, e de 700.000 para subvencións dirixidas ao sector agrario, sen nos esquecer que tamén se atende por igual, aínda que xa o dixo o Sr. Lagares, pero quero repetilo, porque é importante, se atende por igual aos tres sindicatos agrarios do país, o Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores, que recibirán cada un deles, 100.000 euros, os tres por igual.

E tamén temos que citar neste punto a partida de 690.000 euros destinada á extinción de incendios forestais, e un novo Plan de depuración en pequenos núcleos rurais, experiencia nova deste ano 2005 e que terá continuidade no exercicio 2006, e obxectivo deste é, como o seu nome indica, desenvolver no medio rural unha serie de actuacións de depuración de augas residuais, e para iso destinamos 100.000 euros para o próximo ano.

E noutra orde de cousas non podo esquecerme dos galegos e galegas que viven lonxe do noso país, a nosa xente na emigración. E neste orzamento, como non podía ser doutra forma, mantéñense os programas de solidariedade en comunidades galegas no exterior.

E volvendo agora ao máis próximo, como é o persoal, os traballadores e traballadoras desta deputación, temos que referirnos a que por primeira vez se acaba de asinar un Plan de emprego integral que beneficia a máis de 750 traballadores, persoal laboral e funcionario e eventual. E estas modificacións virán marcadas con partidas orzamentarias neste orzamento e tamén nos próximos anos, e así para o 2006 se incorporan arredor de 750.000 euros destinados a promoción interna, reclasificación e reorganización do persoal. O equipo de goberno fixo un enorme esforzo no tocante á reestruturación do organigrama provincial, pero este importante tema teremos ocasión de o tratar máis amplamente no seguinte punto da orde do día deste Pleno, polo que non vou profundar máis no mesmo.

E xa case para acabar, dicir que é unha satisfacción para o grupo provincial do BNG poder presentar xa este orzamento, sinal de fortaleza da coalición de goberno, pois non é nada doado presentar uns novos orzamentos antes de finalizar o ano. E como dixen xa no comezo da miña intervención, xa o Sr. Lagares foi debuxando con claridade todas as cifras deste orzamento, pero nós queremos escoller e destacar só dúas delas, as que fan referencia aos investimentos, e o que se dedica a gastos de persoal desta deputación, estoume a referir ao 70% do Orzamento de 2006, exactamente o 69,92%, do orzamento que vai estar destinado a investimentos en toda a provincia, é dicir, a proxectos, a actividades e obras a realizar nos 94 concellos, o cal quere dicir que dos algo máis de 166 millóns de euros contemplados neste orzamento, se destinan case 117 a investimentos, pero ademais deste dato queremos destacar tamén que se destinan a gastos de persoal o 19,51%. E estas pensamos que son as dúas cifras realmente significativas que queremos destacar.

E non quero acabar a miña intervención sen transmitir tamén os nosos parabéns e agradecementos aos moitos traballadores e traballadoras desta casa, e aos distintos servizos que fixeron un grande esforzo para que a día 1 de decembro esteamos a debater os orzamentos do 2006. Novamente temos diante o reto de transformar as diferentes partidas económicas que aparecen neste orzamento, en proxectos, feitos e obras que axuden a mellorar a calidade de vida nos concellos da nosa provincia, ese é por parte do equipo de goberno actual o noso principal obxectivo, e aseguramos que non nos vai faltar ilusión, esforzo e dedicación para os facer realidade.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A óptica dos orzamentos da deputación para este ano, desde o Partido Popular, non só, e non especialmente por razón de que nos corresponde facer un labor de crítica, senón obxectivamente, cremos que obxectivamente non é a mesma que obviamente formula o equipo de goberno. Nós ímonos referir na nosa intervención aos aspectos que

nos parece que non acertaron vostedes, os aspectos que a nós nos preocupan especialmente e despois, como é natural tamén, farei algún comentario en relación á intervención realizada fundamentalmente polo Sr. Lagares.

O primeiro que temos que dicir é que eu teño que felicitar neste caso aos técnicos do grupo provincial popular, os pouquísimos técnicos que ten o grupo provincial popular, para poder analizar coa precisión adecuada un documento que cada vez, Sr. Lagares, entréganos cada vez máis curtiño, este entregouse o venres 25, ás 14,30, obviamente non toda a documentación, senón que algunha se foi entregando despois, non é precisamente un prazo excesivamente amplo tendo en conta que hoxe estamos a día 1, e tendo en conta que pasou polo medio un sábado e un domingo. A pesar diso é obvio que fixemos un traballo, a xente do Partido Popular, fixo un traballo coido que moi amplo e moi minucioso, de análise dese orzamento, e sen pretender entrar en todas e cada unha das partidas, imos falar do que nos parece máis significativo e máis importante.

Hai que sinalar primeiro en relación aos ingresos que as transferencias do Estado por participación nos ingresos medraron un 16,89% no período 2003-2006, e polo tanto, aínda que descendesen algúns outros conceptos, creo que as finanzas da deputación nestes momentos teñen un soporte razoábel por parte da administración do Estado. Pero tamén, neste caso si teño que coincidir co Sr. Lagares, sinalando que a deputación, como calquera outra Administración local, ten un reto aí, que é conseguir un incremento do financiamento global por parte do sistema xeral, e esperemos que a través dos distintos mecanismos, poidamos conseguir que a deputación poida ter a importancia que lle corresponde. Falando simplemente en termos históricos, a deputación non está abafada financeiramente, pero diría, temos aínda o gran reto de poder lograr un financiamento mellor.

Cal é o que diferencia aos orzamentos do Partido Socialista e do BNG, desta coalición, que goza de tanta estabilidade, en relación aos orzamentos do Partido Popular?, imos dar dous datos nada máis, porque ás veces os datos son interesantes e importantes. No ano 2003, o último orzamento podemos dicir estábel do Partido Popular, de cada 100 euros do orzamento, 47,8 destinábanse a gastos correntes e 46 a investimentos. No ano 2006, vostedes destinan 54,3 a gastos correntes e só 38,8% a investimentos, é dicir, cambiaron totalmente o eixe dos orzamentos da deputación, vostedes priman o gasto corrente e non os gastos de investimento, estamos a falar nada menos que de 7,2 puntos de diferenza, do total do orzamento.

Isto a nós non nos parece correcto, non nos parece correcto porque fundamentalmente a deputación, a súa función é prestar apoio aos concellos, fundamentalmente en áreas de investimentos, esa é a gran lacra do financiamento municipal, a imposibilidade de poder atender adecuadamente os investimentos propios dos concellos. Que vostedes desviasen, desbasculado o orzamento da deputación para incrementar os gastos correntes tan significativamente, a nós parécenos absolutamente nada positivo, non nos parece positivo en ningún caso.

Vostede falaba dos intereses de depósito, home, os intereses da deputación, estamos a falar agora dos intereses positivos, incrementáronse razoabelmente, un 8,03%, que pasou?, que subiron os tipos de interese?, non, que vostedes gastaron mal, mellor dito, gastaron pouco, é dicir, hai un remanente de Tesouraría moi grande da deputación, consecuencia de que vostedes non cumpriron as previsións de gastos do orzamento de anos anteriores, e como hai moito diñeiro acumulado porque os ingresos se reciben e non se gastan, se incrementan os ingresos por intereses de depósitos un 8%, a pesar de que, até este momento, os tipos de interese tendían á baixa. E isto son datos.

Vemos que a 30 de setembro de 2004, o gasto comprometido representaba o 62,94 dos créditos definitivos, as obrigas o 35,28; a 30 de setembro deste ano 2005, os gastos comprometidos 55,26, é dicir, baixan aproximadamente 7,7 puntos, e as obrigas recoñecidas o 31,1, 4,1 puntos, é dicir, vostedes cada vez executan peor o orzamento, menos gastos comprometidos, menos obrigas recoñecidas, e como consecuencia, máis remanente de Tesouraría, remanente de Tesouraría que, como é natural, entre outras cousas, produce un incremento dos intereses que cobra a deputación por ter o diñeiro ocioso nas entidades financeiras, en vez de o ter investido nas necesidades que se definen no orzamento.

Quero lembrarllas aos dous grupos que gobernan esta deputación, que o orzamento está para cumprilo, non para o deixar sen cumprir, hai que aprobar un orzamento e hai que cumprilo, e estes datos son datos obxectivos, non son declaracións, elucubracións políticas, son a crúa realidade dos números. E teño que lembrar que vostedes, moitos deputados, están en dedicación exclusiva, xa sei que non lle gusta moito que falemos disto, cada vez que falamos disto, algún se inqueda ou se molesta, pero de verdade que non se nota para nada na axilidade da deputación esas dedicacións exclusivas, e mesmo no funcionamento da propia burocracia da deputación relacionada cos grupos da oposición, é dicir, cos órganos que están definidos nas leis, previos á realización dos actos substanciais de aprobación do orzamento. Vostedes, de 84 comisións que se celebraron este ano, celebráronse o día correspondente 35, e en día distinto, 49, vaia por Deus!, pero é que ademais desas 49 que vostedes realizan, fanas normalmente o luns, ou o venres anterior ao Pleno, todas xuntas, tres comisións nun mesmo día, non teñen tempo durante todo o mes para facer as reunións correspondentes e, por suposto, tampouco teñen tempo, polo que se ve, para axilizar a execución do orzamento, porque cada vez o nivel de obrigas recoñecidas é inferior, e cada vez o nivel de gastos comprometidos é inferior, e cada vez é inferior a capacidade de prestar os servizos que definen o orzamento.

No que respecta ás Bases de execución do orzamento, soamente quería referirme a dous aspectos, un primeiro aspecto que nos chamou a atención, é un aspecto menor, pero simplemente é unha observación que, dada a amplitude de tempo que temos para falar do orzamento, non nos foi posíbel, obviamente, entregando a documentación o día 25, comentar temas concretos, e entre os gastos que se han

xustificar hai unha partida limitada a 6.000 euros, pero destinada á adquisición de bens inmóbeis, como gastos para xustificar, isto estrañame moitísimo, gustaríame que vostede explicase cal é esta razón de que unha actuación tan regulada e tan rixida como é a adquisición de inmóbeis, estea a entrar nesta área de gastos para xustificar, que precisamente se refire a gastos menores, que despois se teñen que xustificar previamente.

Teño que referirme á base 46, retribucións de membros da Corporación. Aquí hai unha excepción ao principio xeral, como rematan vostedes de comentar, o orzamento dedicado a persoal increméntase un 5,2%, despois falaremos con amplitude deste tema, pero hai unha excepción a esta política de persoal que, Sr. presidente, é a súa retribución, a retribución do presidente da Corporación, que se incrementa nun 14,75%, ben, é a súa decisión, a decisión de vostedes, eu coido que normalmente os políticos sabemos que a retribución dos órganos directivos é insuficiente ou baixa, pero hai criterios de comparación, é insuficiente ou baixa para todos. Que esta Corporación, sen unha xustificación que saibamos obxectiva, increméntase a retribución do presidente nun 14,75%, polo menos é rechamante.

Na memoria de vostedes de execución do orzamento, formulan dúas iniciativas que lles parecen substanciais, que é o establecemento da publicación no primeiro trimestre do exercicio, das subvencións outorgadas no ano anterior, e un Plan anual de control financeiro de subvencións, iso está ben, e nós gabámolo, a única observación é que haxa unha obriga xurídica desta Corporación, que está na Lei de subvencións do ano 2003, e que se non se cumprise, incorrerían vostedes nunha ilegalidade, obviamente, paréceme moi ben que cumpran a Lei de subvencións promulgada na época do goberno do Partido Popular en Madrid, nada que obxectar, todo o contrario, o que sería discutíbel e estraño era que non se incluíse como obriga.

Hai outro tema que a nós nos preocupa especialmente, que son as subvencións nominativas, a base 48. Sistemáticamente este último goberno provincial está a abusar das subvencións nominativas. No ano 2005 aprobáronse 68 subvencións nominativas, por importe de 5,3 millóns de euros, agora, no ano 2006, son 69, é dicir, increméntase unha máis, e suprimíronse, a pesar diso, correspondentes a clubs de actividades deportivas, supoño que estes clubs estarán incluídos agora en subvencións xenéricas.

O máis grave, e isto é un aviso, como dicía o outro, para navegantes, unha observación que constará no libro de sesións desta Corporación, que onde realmente vostedes se desbordan na concesión de subvencións nominativas é cando acoden aos expedientes de modificación de créditos, como vostedes executan mal o orzamento, non gastan todo o que teñen que gastar, despois xeran uns remanentes de Tesouraría moi importantes, e cando van utilizar eses remanentes de Tesouraría, aí aparecen arreo, florecen as subvencións nominativas, é un florecemento integral, é realmente espectacular o que fan vostedes, e aí están. No exercicio 2005 outorgáronse en total 121 subvencións nominativas por importe de 13,6 millóns de euros. Hai que lembrar que no ano 2003, sen Lei de subvencións vixente nese momento, sen obriga específica de

publicidade e concorrència no outorgamento de subvencións, como establece a lei do ano 2003, o Partido Popular soamente outorgara 36 subvencións nominativas, por importe de 2,73 millóns de euros que, por certo, vostedes, cando estaban na oposición, criticaban con enorme dureza, e falábanos de clientelistas e de non sei que, e eran 36, e vostedes no último ano 121, non está mal.

Gustárame, e non temos tempo, nin merece a pena, recoller literalmente o que dicían vostedes do Partido Popular por esas 36 subvencións nominativas, o único que quero é que quede constancia que o que dicían vostedes o multiplicamos por tres nós, polo tanto, que dicían unha cousa, nós repetímola tres veces, porque era multiplicado por tres as subvencións nominativas. E hai que lembrar, e vostedes non queren entendelo, que a lei é obrigatoria, e que a lei di que a concesión de subvencións debe de se suxeitar aos principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación, e que só poden excepcionarse por razóns moi excepcionais e acreditadas de interese público estes requirimentos. Esas 121 subvencións, por moito que vostede nos diga, e que é o que queira, non están incluídas nesa prevención, porque por suposto o interese público para vostedes, en todo caso, parece que é excesivamente xeneroso.

Nós temos, en canto a orzamento de gastos, vemos, o que comentabamos anteriormente. Se analizamos o capítulo II, que vostede sinala como un logro deste goberno, o incremento do capítulo II desde o exercicio 2003, -temos que comparalo co que faciamos nós, obviamente, non co que fan vostedes-, sobre este orzamento, o capítulo II é dun 46,18%, é dicir, vostedes incrementaron o capítulo II sobre o capítulo II do Partido Popular, nun 46%. E o orzamento medrou un 14,17%, e vostedes os gastos correntes incrementaron un 46%, capítulo II, refírome. Esa é unha realidade, e está aí, e non ten nada que ver co crédito de conservación de estradas, que é practicamente o mesmo que tiñamos nós, que está en gastos correntes, e polo tanto, non modifica para nada a distribución, non me acuda vostede a iso, porque iso estaba en gastos correntes no ano 2003, e está en gastos correntes no ano 2006.

Sobre o tema de persoal falaremos despois, ao final desta intervención, como unha partida específica que merece unha atención especial. Polo tanto, si é certo que hai un crecemento dos gastos correntes e un estancamento do investimento, como dicíamos anteriormente, esa é a filosofía da coalición de goberno, desa estábel, estabilísima coalición de goberno que teñen vostedes, estancamento de gastos de investimento e incremento de gasto corrente. E vemos, por exemplo, neste orzamento, xa no ano 2006, comparado co ano 2005, as operacións correntes medran nun 5,86% e os gastos de investimento, un 2,19%, aí determina que o incremento medio do orzamento sexa un 3,67%.

Vemos, e vemos polo miúdo, unhas cifras comparativas do ano 2003-2006. Os gastos de persoal medraron un 12,47%, os gastos correntes, como lle dicíamos anteriormente, o 46,18%, as transferencias correntes, o 50,43% e as operacións de capital, os capítulos VI e VII, diminuíron un 3,39%, é dicir, comparando os orzamentos do 2003 cos orzamentos de 2006, vemos que vostedes gastan menos en investimentos

reais, en transferencias de capital, fundamentalmente os concellos, que se gastaba no ano 2003, e o orzamento global incrementouse nun 14,17%, e esas son cifras, son datos, non positivos para vostedes. En definitiva, as operacións correntes medran o dobre que o incremento global do orzamento, un 29% fronte ao 14%, e as operacións de capital redúcense.

Que pasa co aforro bruto como consecuencia de todo isto?, para os que non sexan expertos, o aforro bruto é a diferenza entre ingresos e gastos correntes, normalmente un instrumento fundamental para financiar o investimento é o aforro bruto, os ingresos correntes que se reciben, ou que se gastou menos, impide un endebedamento, fundamentalmente, e as transferencias de capital é o que financia o investimento. Pois o aforro bruto descendeu un 2,75% nos tres últimos anos, pasou do 38,07% do exercicio 2003, ao 32,43% no exercicio 2006, en só tres anos o aforro bruto se estragou en 5,60 puntos, é dicir, todos os datos coinciden, vostedes dedícanse ao gasto corrente e reducen o investimento, esta é a realidade, por moito que se queira dicir, os números non teñen máis que unha análise, non teñen máis que unha lectura.

Falaremos agora das novidades e das ausencias no orzamento 2006 en relación a orzamentos anteriores. Vemos que vostedes inician algún programa europeo, a nós iso parécenos especialmente positivo, cremos que son aínda moi insuficientes as actuacións relacionadas coa Unión Europea, pero si notamos que, dalgunha maneira, non se está a facer todo o esforzo que sería necesario para ter fondos de programas europeos. Onde se producen incrementos significativos do orzamento?, fundamentalmente centraron vostedes os incrementos do orzamento, 5,9 millóns de euros, a promoción de actividades culturais e equipamento e instalacións deportivas, entre elas, dúas absorben o 80% do incremento do orzamento. Nós non estamos en contra da promoción de actividades culturais, nin en contra de equipamentos deportivos, baixo ningún concepto estamos en contra, pero paréceme que o 80% do incremento do orzamento se destine a isto, realmente paréceme, 4,7 millóns de euros, paréceme que non é unha política de equilibrio en función das necesidades que teñen os concellos porque vemos que o que son a liña medular e troncal dos orzamentos da deputación, estradas, POL e POS, só reciben 0,45 millóns de euros, de incremento, soamente o 7,74% de incremento, é dicir, vostedes o 80% do incremento do orzamento destínanos a actividades culturais e deportivas, e só o 7,74 a POL, POS e estradas provinciais, en canto a incremento sobre anos anteriores, é dicir, 0,45 millóns de euros, fronte a 4,7 millóns de euros. Ben, repito que non me parece mal que fagamos piscinas climatizadas cubertas en concellos, uns do Partido Popular, e outros do PSOE, pero paréceme que centrar o incremento do orzamento niso non é precisamente unha moi adecuada política de equilibrio da deputación.

Voume referir a outros problemas que me parece que vostede mencionou tamén, que me producen especial preocupación, diría unha complexa reacción. Hai un plan que a min me é especialmente querido, o Plan de modernización de xestión municipal, e estou a ler a memoria, di: "...Acredítase carácter prioritario" –dentro dos plans da deputación, fala en xeral- "da existencia de municipios da provincia en

materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas, e na modernización administrativa, etc.”, tentamos modernizar os servizos informáticos, e fala dunha maneira distinta á que comentou vostede, porque no Plan de modernización de administración local, estou a falar da súa memoria, que di: “...Obxectivo desta liña de axudas é cofinanciar a execución de proxectos que teñan por obxecto a modernización da administración local a través da utilización de tecnoloxías da información, coa finalidade seguinte: mellora do servizo de xestión e atención dirixidas ao cidadán, simplificación dos procedementos e integración destes cos de responsabilidade estatal e autonómica, instrumentalmente a mellora da infraestrutura tecnolóxica e de comunicacións precísase para o cumprimento das finalidades sinaladas”. Di: “..Para a selección do proxecto teranse en conta os seguintes criterios: as posibilidades de reutilización por outras administracións públicas, en particular por entidades locais, dos produtos e desenvolvemento resultantes do proxecto; a utilización de sistemas comúns de información promovidos polo Ministerio de Administracións Públicas; o grao de adecuación do proxecto aos obxectivos fixados no Plan de acción Europa 2005; e a utilización de estándares libres e software de fontes abertas”. De verdade que todo isto non ten nada que ver co que dixo vostede, vostede falou dun plan piloto, piadosamente, e eu enténdoo, vostede no que se referiu ao plan piloto foi á iniciativa do Partido Popular, “o plan piloto que se puxo en marcha”, ben, non van vostedes gabar ao PP, eu non teño inconveniente en os gabar a vostedes cando fan algunha cousa ben, non fan tantas, pero ben, algunha fan. Nós na nosa época deseñamos un plan que era o plan máis importante que puxo en marcha unha deputación para apoiar a modernización dos concellos, que era un Plan de informatización integral da xestión de todos os concellos da provincia, e iniciouse un proxecto piloto, como vostede moi ben di, con tres concellos, na que se informatizaron soamente unha parte dos procedementos, non eran todos, pero eran os troncais, urbanismo e os que se consideraban máis importantes, e é unha experiencia inédita na administración local a nivel de toda España. A min alégrame moito oírle dicir a vostede que ese plan se vai estender a todos os concellos da provincia, e nese sentido terán vostedes toda a nosa aprobación, pero está en contradición coa memoria, para nada se refire a iso a memoria. Non sei se a absoluta coordinación e estabilidade da acción de goberno, esa magnífica estabilidade da acción do goberno, non encubrirá unha diverxencia de obxectivos, supoño que esta parte da memoria a redactaron os señores do BNG, porque o que di vostede non ten nada que ver co que pon na memoria, é dicir, hai que dicir claramente, e terán todo o noso apoio con todo o investimento que sexa necesario, que o obxectivo da deputación é estender a todos os concellos da provincia a informatización integral de todos os seus servizos, porque é a única maneira de que un pequeno concello poida facer toda a súa actividade coa estrutura tan limitada que teñen de persoal. Eu creo que isto debía de quedar aclarado porque a memoria tal e como está redactada para nada se refire a iso e está a falar de iniciativas do MAP, que me parece moi ben para concellos que non asumisen o liderado, perdón, para deputacións que non asumisen o liderado, como o asumiu a Deputación da Coruña. Por iso, na súa réplica, a min encantárame que vostede ratifique o que dixo inicialmente, e que é o obxectivo do plan, e non esta difusa e vaga memoria que nos obsequian aquí na documentación, vaga e perigosa, porque para nada se refire a ese plan, que é un plan estrela da Deputación da Coruña, da que vostedes poderán

despois sentirse orgullosos de o pór como exemplo perante todas as deputacións de España.

Outro plan que a min me produce unha preocupación, a palabra preocupación neste caso é inadecuada, é unha certa perplexidade, vostedes dentro dos plans formulan un de depuracións de augas residuais en pequenos núcleos, cun orzamento de 100.000 euros, ben, nós miramos, miramos comparativamente, e figura nun programa orzamentario, saneamento, abastecemento e distribución de augas, no ano 2005 tiña 725.000 euros, e no ano 2006 pónenlle 100.000, por que 725.000 euros no ano 2005 que vostedes o presentaron como un programa estrela, estamos a falar en definitiva de depuración de augas residuais en pequenos concellos, e soamente o reducen a 100.000 euros no ano 2006, que pasou?, fixérono mal?, non o gastaron?, non saben gastalo?, porque a min dáme a sensación de que agora fan vostedes o que tiñan que facer no ano 2005, é dicir, parece que escollen 10 instalacións en concellos de distinta natureza, en núcleos pequenos, e proban a ver cal é o sistema máis adecuado, pero por que?, que pasou cos 720.000 euros do ano pasado?, onde están? gastáronse?, non, non, porque son incapaces de gastar, ben, pois a ver, hai dúas cousas, se están gastados, por que lle poñen 100.000 euros este ano?, porque non ten xustificación, e se non están gastados, é porque vostedes non saben gastar. En calquera lado, señores, saben vostedes, é unha situación complexa de contestación.

Como o Sr. Lagares se referiu ao tema de persoal, eu quero referirme tamén a el, e hai algo que teño que formular diante deste Pleno da deputación unha preocupación fundamental, vostedes asumiron unha enorme responsabilidade dinamitando o Servizo de Atención aos concellos. De verdade que o Servizo de Asistencia a Municipios van vostedes entrar nunha dinámica absolutamente perigosa. Se algo caracterizaba á Deputación da Coruña cando eu cheguei como deputado a esta deputación, encontreime cun servizo de Asistencia a Municipios, insuficientemente dotado, pero moi dinámico, enormemente preocupado por atender os concellos e envorcado neles. E de pronto vostedes dinamitan este servizo, fano desaparecer do mapa, non do mapa orzamentario, porque figura nos orzamentos igual así, pero fan depender Asistencia Xurídica de Secretaría Xeral, Asistencia Económica de Oficialía Maior, Asistencia Técnica de Oficialía Maior, Asistencia Informática ao Servizo de Organización, Calidade e Modernización, é dicir, rompen a unidade do Servizo de Asistencia a Municipios, escíndeno entre os distintos departamentos da casa, e un concello que teña que pedir asesoramento andará peregrinando entre a Oficialía Maior, a Secretaría Xeral ou o Servizo de Modernización. Se vostedes cren que iso é mellorar a atención aos concellos, están equivocados, absoluta e totalmente equivocados. Era un Servizo a potenciar, era un Servizo a mellorar para que os concellos tivesen un interlocutor que se preocupase exclusivamente deles, das súas atencións, das súas demandas, das súas necesidades, como consecuencia diso amortizan a praza de director, amortizan a praza de letrado-asesor xefe, e van trasladando as distintas prazas aos distintos servizos. Hai, mesmo, os asesores do sistema de xestión municipal, mándanos dous aos técnicos de xestión de asistencia económica, dous ao Servizo de Organización, é dicir, almoedan un servizo, fan unha almoeda del, un servizo que era,

para min, o servizo estrela da deputación en prestación de servizos aos concellos. Non ten ningunha xustificación e pediríalles que reflexionasen sobre isto. Como van ver os concellos da provincia unha deputación que cando teñan que preguntar algo teñen que andar polas distintas áreas e que ninguén se preocupa da súa filosofía, iso é progreso?, home, aquí hai moitos alcaldes, que cada un pense o que representa, cando ten que preguntar algo, a onde ten que dirixirse. Hai que pensar nos concellos cunha intención integral, igual que a informatización era integral, tamén o era isto. E quero dicir tamén, isto aforraramos intervencións posteriormente, soamente moi brevemente, que se se practicase a política de diálogo, eu creo que isto non sería posíbel, paréceme un erro tan grave que temos que decatarnos cando se celebra a reunión da Comisión, a reunión da Comisión de Persoal que, por certo, eu non podo compartir as felicitacións aos integrantes da Comisión de Persoal, porque desde primeiros de xaneiro, a Comisión Informativa de Persoal reuniuse catro veces, tres para dar conta de nomeamentos de viceinterventores ou técnicos, nada máis, na orde do día, e a cuarta reunión reuniuse para dar conta deste plan, claro, totalmente elaborado, e sen ningún diálogo previo.

Sr. presidente, vostede no discurso de investidura referíase ao diálogo en temas que afectan ao futuro, a estrutura da deputación correspóndelle lexitimamente ao goberno actual, pero en medida que ten transcendencia de futuro, sería bo que tivésemos un mínimo diálogo sobre isto, e non se produciu, non se produciu ningún diálogo e nós, e eu fun presidente da Comisión de Persoal, aí ofrecín, continuamente, e está nas actas, diálogo aos grupos da oposición, e funlles dando conta, porque sei o que fixen, e fun dando conta de todo o que iamos presentando, dos obxectivos que se formulaban, de como se formulaban, de como se ían conseguindo, vostede non era membro, os deputados que eran membros saberán que o que estou a dicir é verdade, e tentamos acordar, polo menos dar información, o que pretendíamos e como o pretendíamos, e tratáronse os temas abundantemente na Comisión de Persoal con múltiples reunións onde estaban todos os grupos políticos, as únicas reunións que tivo a Comisión de Persoal en relación ao Plan de persoal desta deputación foi a entrega dun documento cerrado hai catro días, vaia vontade de diálogo e de colaboración.

Quería referirme agora, por último, ás ausencias, tamén son significativas as ausencias, que vemos?, para nada as preocupacións que nós tiñamos cando gobernabamos e que nos parecían fundamentais, por exemplo, unha cousa pequena, que tiña unha dotación relativamente modesta, Plan de pequenas obras e provisións para investimentos e infraestruturas municipais, que era unha cantidade para todos os concellos de 1,5 millóns de euros, en total, era unha partida que realmente merecía a pena, presentámola como moción este ano pensando na distribución de remanentes e dicímoslle de novo, os pequenos concellos unha pequena cantidade, se mal non lembro eran 3 millóns de pesetas, víñalles moi ben esta pequena partida para realizar investimentos, e realmente poder facer algo positivo. Falouse tamén neste Pleno do Plan de fomento do turismo, é unha actividade moi importante, creo que é unha das áreas na que os pequenos concellos poden incorporarse á sociedade moderna, poden adquirir competitividade e poden recibir máis xente, poden en definitiva ter maior crecemento económico. Nós, existía un programa no ano 2003 para concellos no que se

destinaron 6 millóns de euros para obras relacionadas co fomento do turismo en concellos da provincia, pois este ano para os concellos hai 150.000 euros, o resto, 1.750.000 euros, vai para actuacións xa moi singulares, creo que hai un programa fundamental, que debería volver a recuperarse, e que a ausencia no orzamento é especialmente rechamante.

E tamén quero referirme ao Programa de transporte e travesías municipais. Este tivo unha dotación na época do goberno do Partido Popular de 16 millóns de euros, que era para obras de mellora das condicións de mobilidade, seguridade de peóns e automóviles en vías de titularidade municipal, agora un millón e medio, de 16 millóns a un millón e medio. Tamén presentamos unha moción na distribución de remanentes para que se atendese isto, e vostedes non o fixeron.

Hai algo que teño que comentar como penúltima observación, que vostedes alegaban que os programas, o POL, o POS, etc., non se discriminaba a ningún concello, eu pensaría se fose malvado, porque non poden, aínda que quixesen, porque son programas controlados polo MAP, e hai criterios legais de distribución de fondos entre todos os concellos, o único que están vostedes aplicando é a normativa de cumprimento obrigatorio, tamén que digan que lles gusta cumprir a lei, pero non o formulen como unha vantaxe diferencial, porque se non cumpren a lei, o programa non podería ser aprobado en Madrid, porque ten fiscalización do goberno de momento, mentres non veña un Plan Maragall bis, de momento teñen fiscalización do goberno, polo tanto, vostedes, como van discriminar a un concello se non se pode?, como van aplicar distintos criterios dos legalmente establecidos?, pero parecía que era un mérito de vostedes, por iso o comento, porque como o que non coñece a norma, se cadra o cría.

Por todo o que dixen, porque nós non estamos de acordo con vostedes pola orientación que lle dan ao orzamento, nin polas súas preocupacións esenciais, nós non imos votar a favor este orzamento. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

O meu agradecemento ás dúas intervencións que vou tratar de esmiuzar, de debuxar, primeiro agradecer a achega que fan os compañeiros de goberno, o grupo nacionalista, o Bloque Nacionalista Galego, onde na súa intervención afonda en distintos aspectos de distintas áreas, matiza distintos aspectos. Despois, Sr. Rodríguez, sorpréndeme tremendamente a súa intervención, claro, vostede tíñao moi difícil porque o orzamento é moi bo, e a min ponmo moi doado. Os argumentos de se os tempos, de que non tiveron ocasión de facer estudos, etc., etc., home, creo que se dá cunha antelación bastante máis e con máis prudencia que cando o recibiamos nós, teño que dicilo, polo tanto, mesmo se lles dá para que o estuden a fin de semana, para que traballen a fin de semana antes da propia Comisión Informativa, se se entrega un orzamento o día 23 e hoxe é día 1, dígame vostede se non hai tempo suficiente, que vostede confunda a convocatoria da Comisión e que necesite uns documentos preceptivos, é outra cousa. Vostedes non nos entregaban nunha reunión de portavoces o

orçamento, esa é unha novidade, vostedes entregábano cando convocaban a Comisión Informativa, e cos documentos correspondentes, a memoria do presidente, o informe da Intervención, o informe económico-financeiro, anexo de investimentos, Bases de execución do orzamento e algo que igual me queda no tinteiro, polo tanto iso deixémolo, deixémolo tranquilo porque se cumpre estritamente o mandato, amplamente a información, porque este equipo de goberno quere ser claro, quere ser transparente, e así o demostra nas súas actuacións.

En relación ao estado de ingresos, observo que este ano vostede está de acordo co capítulo de Ingresos, o ano pasado tiña unha problemática que, efectivamente, entón xurdiu e explicouse claramente pero este ano vexo que está plenamente de acordo. O que si confunde son os depósitos bancarios co remanente de Tesouraría, non é o mesmo concepto, Sr. Rodríguez, iso son conceptos distintos, ten vostede que mirar eses conceptos e facer unha análise porque son dous conceptos tremendamente distintos.

(Abandona o salón o Sr. Campo Fernández).

E entón insiste nas dedicacións exclusivas, e aquí xa se deu un debate, indubidabelmente, vostede tiña dedicación exclusiva no Concello de Santiago, cobraba aquí os seus emolumentos por asistencias, un día voulle traer un estudo económico para que vostede comprobe cal é a realidade económica, creo que este é un tema que xa é reiterativo, ímoslle facer un estudo, entregámosllo a vostede para calar dunha vez estes conceptos que, indubidabelmente, me parece que neste aspecto o equipo de goberno foi xeneroso co Partido Popular, e os deputados que sentan ao seu carón sábeno perfectamente, xa que logo, non vou dar máis explicacións, se foi xeneroso co Partido Popular, no seu momento nalgunha etapa de goberno tamén foi xeneroso o Partido Popular cos grupos da oposición. Sr. Rodríguez, estase a equivocar de debate, é a segunda vez que llo dicimos, estase a equivocar de debate, está a dicir irrealidades, iso non é real, bote números, por favor, antes de dicir unha cousa semellante.

En relación ás subvencións nominativas, é evidente que este equipo de goberno cumpre escrupulosamente coa Lei de subvencións, e hoxe menos mal que leu a letra pormenorizadamente, fíxome caso despois do último Expediente, do número tres de modificación de créditos, onde lle falaba, mire a letra pormenorizadamente, mire a Lei de subvencións, cumprimos a Lei de subvencións escrupulosamente e a Lei de estabilidade orzamentaria, que se se fixeron cando lexislou o Partido Popular, moi ben, é a lexislación que hai en vigor, e a lei hai que cumprila, temos que cumprila todos, e este equipo de goberno escrupulosamente. Pero a min o que me gustaría, como vostede fai unha análise un pouco atropelada e un pouco dispartada no tempo, vostede non se decata que comparar o orzamento de 2006 co de 2003 é algo que non ten razón de ser?, vostede non se decata que utiliza porcentaxes que non son similares porque se separan do tempo durante catro exercicios?, a ninguén se lle ocorre, iso indica que vostede non traballou no orzamento, a quen se lle ocorre dicir nun debate orzamentario que o capítulo II medraba o corenta e pico por cento?, mire, é a primeira contención seria e rigorosa do capítulo II que se fai nesta deputación, co 1,48% de incremento sobre o

exercicio pasado, non nos imos ir aos tempos de Maricastaña, a buscar alá polo ano 87 como andabamos e como eran os investimentos, coído que iso non, pero mire, mire, como eu sabía que vostede me ía falar deste tema do capítulo II e das subvencións nominativas, o que hai que ser é moi claros, se nos lles gustan as subvencións nominativas, teñan valentía política e digan aquí as que hai que substituír, sexan valentes politicamente, e digan aquí as que hai que substituír, non nos vale dicir que hai 121 subvencións nominativas, xa sabemos, en base decimal son 121, noutra base igual son máis ou menos. E como tamén se preocupa do gasto corrente, díganos que gasto corrente suprimiría , é que lle quere suprimir a calefacción ao Calvo Sotelo ou ao Puga Ramón?, é que quere que non teñamos luz os funcionarios e o persoal laboral?, é que non quere que se conserven as vías provinciais, que iso é gasto corrente?, que se fagan estudos e traballos técnicos por 700.000 euros para redacción de proxectos?, é que vostede, que é tan modernizador da informática, non quere que se xestione o Plan informático con 640.000 euros?, Sr. Rodríguez, vou seguir aínda, é que vostede non quere que se fagan os Programas de música, teatro e cinematografía ao longo da provincia nos concellos, que é moi valorado positivamente por 1.640.000 euros?, todo isto é capítulo II, gasto corrente, está no orzamento, neste orzamento que vostede estudou tan mal, e témoslle que dar unha cualificación de insuficiente, Sr. Rodríguez, insuficiente porque non o traballou ben, outras veces o traballou mellor, por iso lle dicía que mo puña moi doado.

E vostede di que non facemos plans con Europa, e di, claro, como no capítulo II vai o Proxecto Muller XXI Equal, por 195.000 euros, tamén o quere suprimir?, e por suposto, as noites de cine de verán que nos deleita a Delegación de Cultura con todos os concellos da provincia, por 410.000 euros, tamén os quere suprimir?, e xa non sigo lendo, porque isto forma parte do capítulo II e a contención do capítulo II é clara, vostede pódeme ler o Orzamento de 2003, contareille o da vella que estaba a facer as papas, que hai cen anos que foi iso e aínda hoxe a vella chora, volveremos de novo a eses ditos populares que son, indubidabelmente, moi certos, e que marcan unha filosofía. Polo tanto, na Lei de subvencións, claridade e transparencia.

E entón, xa o que me sorprende é cando se mete a falar do aforro bruto, do endebedamento, da carga financeira, mire, non lle vou reiterar isto, ten vostede os datos, ningunha deputación de Galicia ten a economía tan saneada como esta deputación, a carga financeira, a máis baixa, o límite de endebedamento de acordo coa premisa, da nova premisa do 110%, coa liquidación dos recursos ordinarios, estamos a anos luz, e mire, falaba do POS, claro que si, pero, vostede non se lembra o que fixo o Partido Popular, non na anterior lexislatura, na outra lexislatura que gobernou? sacoulle a autonomía aos concellos para contratar as obras de contratación das obras e servizos, retiroulla, retiroulla entón o Sr. presidente, cun levantamento, por certo, de moitos deputados do Partido Popular, e vostede vennos dicir, analice como se fai noutras deputacións de Galicia o Plan de cooperación ás obras e servizos, analice e levarase vostede unha sorpresa con maiúsculas. Polo tanto, temos que ser un pouquiño máis rigorosos nas intervencións.

E xa sorprendente, que diga que temos poucos programas europeos cando eu os lin, pero voullor reiterar: RURBANET, TURMAS, Equal Muller XXI, Proximitas Plus, Axencia Enerxética Provincial da Coruña, Equal Convive Plus, Equal Xermina e Vías Atlánticas. Mire, eu coído que están claramente, non me vou meter en detallar onde vai cada proxecto, porque creo que as Sras. e Sres. deputados son coñecedores, porque os alcaldes saben que no seu lugar houbo unha programa Proximitas, e houbo unha incrustación, un reemprego de xente, sobre todo de mulleres, que marca unha pauta importante.

E entón, eu coído que cando me fala de informatización, creo que se confunde totalmente, imos ver, eu creo que vostede fixo un Plan piloto cando gobernaba o Partido Popular, si o recoñecemos, pero ese Plan piloto hai que desenvolvelo, hai que matizalo, hai que tratalo, é como un Plan estratéxico provincial, neste momento foi unha idea do equipo de goberno, concretamente do presidente, que anunciou no seu debate de toma de posesión, ben, vostedes fixeron ben, un Plan piloto, ese Plan piloto estívoise analizando. Por certo, a empresa que seleccionaron vostedes estalles a dar moitos problemas a esta deputación, posibelmente a selección non foi a máis idónea, e non vou dicir nada máis. Do que se vai tratar agora é de modernizar os concellos a través dos proxectos singulares, en combinación co MAP, que vostede non se decatou, en combinación co MAP, 600.000 euros pon a institución provincial, 600.000 euros pon o MAP, vaise tratar de levar a modernización da informatización, e eu cando falaba da modernización dos servizos, Sr. Rodríguez, falaba doutra aplicación tributaria que se vai implantar nas áreas de recadación, para dar un servizo máis en profundidade, falaba do punto de información catastral, que imos trasladar ás zonas de recadación, falaba de dar un servizo moito máis amplo nas zonas de recadación, falaba de que se consegue na recadación un volume en voluntaria do 91,16%, en executiva do 60,49%, pero claro, son dúas cousas completamente distintas, falamos de temas completamente distintos.

E non se preocupe polo Servizo de Asistencia a Municipios, mire ben o organigrama, eu o que lamento é que vostede non queira comprender que este equipo de goberno é a primeira vez que fai un Plan de emprego integral, que vostede efectivamente o tentou, pero non foi capaz, porque non marcaba periodicidades, porque non marcaba momentos económicos e porque conseguiu soamente dúas cousas, tratar de que niveis do grupo B e do grupo C respectivamente, con 20-25 traballadores, ascender, foi o único que conseguiu vostede, en catro anos como presidente da Comisión de Persoal, e non lle dea máis voltas, o último que fixo aquí nesta casa unha RPT foi o Sr. Bugallo, actual alcalde de Santiago, e agora este equipo de goberno, e que vostede tratou de o iniciar, pero non foi capaz, non sabemos o por que, primeiro non o periodizou, agora si hai, catro anos, segundo non o dotou economicamente, hai dotación económica no ano 2006, xa que logo, rigor nisto, Sr. Rodríguez.

E a política do diálogo que nos falaba, nós preferimos que non se reúna a Comisión de Persoal, aínda que se debe de reunir, indubidabelmente, pero que o diálogo coa parte social sexa fluído, sexa auténtico, e se chegue a conclusións e obxectivos concretos, isto foi o que se fixo.

E eu xa vou ir acabando, Sr. presidente, sinto que as ausencias das que fala o Sr. Rodríguez, son ausencias que, indubidabelmente, non se dá conta de que hai outros programas que están en desenvolvemento neste exercicio, como son un Plan especial de investimentos para concellos en deportes, en cultura, en promoción económica, en servizos sociais, que están a punto de se resolver e que verá vostede realmente que ben se gasta o diñeiro e que ben se dirixen os obxectivos, eu pídolle máis rigor e máis traballo. E si das ausencias, teño que dicirlle que si imos tapar un buraco importante que se puxo e que se fixo na época de goberno do Partido Popular, no anterior, no abastecemento de auga a Cee, Corcubión, Fisterra e Dumbría, que vostede non citou, eu citeino, esperaba unha resposta. Isto vaille custar á Deputación, Sr. Rodríguez, 885.452 euros, por unha sentenza do Tribunal Supremo, con xuros de mora desde o 1-09-96, segundo sentenza, que se quere despois pásolle unha copia, do Tribunal Supremo, onde se recorreu en casación, esta é unha herdanza que se recibe agora e que hai que pagar 550.909,99 de pagamento de obra, de aumento de obra que se fixo, e que tentou recoñecer o goberno do Sr. Torres Colomer, pero posibelmente fallaría o asesor xurídico, tentou facelo, cónstame iso, pero é que hai que pagar xuros de mora de 332.142 euros, e mire vostede, normalmente no Supremo non se condena as custas, esta vez até condenan a Deputación ás custas. Sr. Rodríguez, miren ben os números, bote ben as contas, porque este orzamento é un orzamento que vai ser eficaz, como é a política deste equipo de goberno. Non hai discriminación dos concellos, trátanse os concellos de forma obxectiva, e seguirase facendo, e indubidabelmente, cando fale de políticas de estradas, lea vostede o número, porque fala dun incremento de POS e de estradas, creo que dicía de máis 45.450.000 euros, pero vostede non se dá conta de que dá os números mal?, non se dá conta de que dá os números mal?, se o POS aumentou en 600.000 euros soamente, se as expropiacións aumentan 500.000 euros, se o Plan de conservación de estradas aumenta 500.000 euros, como dá vostede ese dato? se iso só xa son 1.600.000 euros, aí falla algo, vostede di que incrementa 450.000 euros, deille tres datos concretos que están reflectidos no orzamento, xa que logo, máis rigor, sentidiño, e un recordo para un artigo dun coñecido do País que vou ler en castelán, porque está escrito en castelán, é unha película que tivemos ocasión de ver un bo amigo que está aquí sentado nos bancos, aquela película de Warren Beaty e Natalie Wood “Esplendor na herba”, di: “Aínda que nada poida devolverche aquel tempo do esplendor na herba e a gloria das flores, non debes doerche por iso, na beleza que quedou atrás tes que encontrar toda a forza”. Vostede recorre á beleza do ano 2003, nós miramos para o futuro, miramos para o progreso da provincia, que cremos que é o noso deber. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, a súa intervención, case, case, eu estaba a ver un cura con sotana, perdón pola expresión, porque vostede se dedica a cualificativos cara os demais, non replica con argumentos, di “máis sentidiño”, “vostede non estuda”, “vostede non sei que”, eu estaba a oír a prédica dun párroco dirixida aos parroquianos, de verdade, a min cada vez que vostede utiliza esa técnica teórica de tentar descualificar as intervencións

da oposición, cada vez faima máis graza, e vou ter que polo nos anais da curiosa dialéctica que ten vostede na intervención, con todo o respecto persoal, en ningún caso interprete vostede persoalmente, pero estamos a falar de dialéctica, iso polo tanto, iso de sentidiño, iso de que non sei que, non sei cantos, dígallo aos parroquianos da súa parroquia, que son os *betanceiros*, pero por favor, non o diga aquí, porque non nos fai falta ningunha, agás que vostede queira que nos riamos cada vez que vostede diga unha cousa dese tipo, que fai moi feo, que esta é unha Corporación moi seria, e non merece a pena.

Que o orzamento está moi ben, ou que o tiña moi difícil, vaia por Deus!, iso para vostede, outro cualificativo, colla aos *betanceiros* e dígallo, que ao mellor é que o cren, porque estou seguro que alí ten vostede un auditorio máis proclive que o noso. O que si non me gusta é que vostede diga de min cousas que non dixen, porque como está escrito porque hai un fermoso sistema de gravación, non se pode dicir en boca de un, cousas que non dixen, eu dixen que a pesar do pouco tempo que tivemos, estudamos en profundidade o orzamento, e vostede di que eu dixen o contrario, que non tivemos tempo de o estudar porque non nolo deron pronto, home, non diga vostede cousas de un que non di, queda vostede mal, e eu quero que vostede quede ben, a min gústame que sexa un debate dialéctico, non que lle teña que dicir a vostede que cando fale de min, diga o que dixen eu, non o que vostede quere que eu diga, que é distinto, como di o outro, moito coidadiño. Si que temos fins de semana, e traballamos en fins de semana e traballamos cando pensamos que é necesario, e analizamos o orzamento en profundidade e a demostración está na miña intervención. Xa que logo, non é que, a min me gustaría que nolo desen vostedes antes, e que non tivesen necesidade de utilizar as fins de semana, pero se é necesario non durmimos, non se preocupe, por iso a xente do Partido Popular non ten ningún problema.

Dixo vostede algo que a min me fixo moita graza, graza política, sigo reiterando o absoluto respecto persoal, que estamos de acordo co estado de ingresos e que non formulamos a polémica do ano anterior, claro, é que o ano anterior vostedes meteron trece mensualidades do Estado nun orzamento, estaría ben que nós consideráramos iso normal, trece mensualidades da subvención estatal, en función da que se recibira o último mes, mire, vaia número, porque sabe a cantidade que se recibe e hai previsións de ingresos suficiente para que puxesen doce mensualidades, non trece, e este ano, claro, poñen doce, só faltaba que puxesen trece, porque é imposible, se tivesen a capacidade de pór trece, porían trece de novo, home, dicir que estamos de acordo e que non formulamos a polémica, se eu non me metín piadosamente con iso, non diga vostede ese tema porque vostedes quedaron fatal, a ningunha Administración pública se lle ocorre meter trece mensualidades da achega do Estado, en vez de doce, que son as que hai que meter, trece meses, perdón, perdón pola expresión, o orzamento do ano 2005, tiña trece mensualidades, trece fillos en vez de doce, vale.

Di que, á parte cualificativos, que eu creo que co párroco xa chega, que eu confundo os depósitos bancarios co remanente de Tesouraría, é obvio que se hai remanente de Tesouraría, sobre todo por falta de obrigas recoñecidas, se orixinan máis

depósitos bancarios, porque os ingresos se reciben, agás temas de investimentos que estean financiadas co endebedamento, pero fundamentalmente o remanente de Tesouraría e os depósitos bancarios, é resultado de, precisamente, un orzamento que nace equilibrado, igual de ingresos que gastos, de non gastar, de ter máis ingresos que gastos, pero non orzamentariamente, senón porque se gastou menos. Claro que entendo o que estou a dicir, só faltaba.

Hai un tema que me dixo vostede subliminarmente cando falaba de dedicacións exclusivas, eu quero deixar claro nesta cámara que durante o goberno do Partido Popular todos os deputados cobraron o mesmo por asistencia a reunións, os do Partido Popular, os do PSOE e os do Bloque, polo tanto, cando vostede queira facer números, dirixese todo a este colectivo, se eran máis ou eran menos, iso é de todos, e non hai ningunha intervención durante o goberno do Partido Popular que dixese que iso non estaba ben, polo tanto, non me veña con iso, todos cobramos o mesmo, todos e, polo tanto, teño dereito lexítimo a falar de dedicacións exclusivas ou non falar, nada de que teñamos nada que ocultar, todos cobramos o mesmo.

Di vostede algo que a min xa me parecía interesante desde unha perspectiva dialéctica. Comparar 2003 con 2006 non ten razón de ser, como ides comparar a época de Maricastaña, dixo noutro momento, mira, non é a época de Maricastaña, son dous modelos de goberno, o último do Partido Popular, non hai tanto, e este, pero non se trata, como vostede pretendía, de incrementos cuantitativos, senón de posicións relativas, e as posicións relativas son absolutamente comparábeis, se un tiña o 30% no orzamento, segue tendo o 30% se se mantiveron os mesmos parámetros de comparación, se cambia o valor relativo, quere dicir que vostedes gastan máis en gastos correntes e nós gastamos máis en investimento, punto, e iso é real, e non ten nada que ver coa contía bruta, senón coa participación que eses gastos teñen no orzamento, que é a estratexia, e iso queda claro.

Dixo vostede algo que me preocupaba, “sexan vostedes valentes e digan que subvencións hai que suprimir”, entón comeza vostede a dicir, a luz, o Calvo Sotelo, o Puga Ramón, as vías provinciais, o Plan informático, o teatro, a música, mire, pero se todo iso tamén o tiñamos nós, pero de que está a falar vostede?, todo isto tamén o tiñamos nós, ou é que non había Noites de Cine cando gobernaba o Partido Popular?, ou é que non había o Puga Ramón ou o Emilio Romay?, claro que estaban tamén, e quero lembrar que na época do Partido Popular non se alumaban os funcionarios con candeas, utilizaban a luz eléctrica tamén, todo iso xa o tiñamos nós, o que vostedes fan foi incrementar outros gastos correntes, outros, non eses, non eses que vostede citou, eses xa estaban. E, polo tanto, por favor, non nos tome o pelo con iso, de verdade.

Vostede repróchame que nós falásemos de Europa, eu dixen que vostedes estaban a facer unha actuación que nos parecía lexítima, pero que criamos que se podía incrementar máis, é unha observación, e díxeno así, polo tanto, nada máis que dicir, paréceme ben que haxa estes plans e digo que hai capacidade de poder facer máis. E despois sorpréndelle que falásemos do aforro bruto, pois claro que lle sorprende,

porque quedan vostedes mal, pero ten que entender que desde a nosa posición temos que destacalo, como non imos falar do aforro bruto? é a parte substancial que en calquera administración pública se dedica a financiar os investimentos, a diferenza entre os ingresos e os gastos correntes, e aí demostramos, e vostede non é capaz de poder dicir outra cousa, que o aforro bruto do Partido Popular era moito máis grande que o que ten o Partido Socialista, e que polo tanto nós aforrabamos máis diñeiro, menos gasto corrente en función dos ingresos, para o dedicar a investimentos, e esa é unha realidade, se están os números aí, eu falei de porcentaxes, como non vou falar diso?

Despois dixo vostede algo que me parece curioso, falaba do goberno, iso si que é de Maricastaña, do goberno do partido provincial anterior á nosa responsabilidade última, na que, ao noso xuízo, incorrectamente, se lle quitou aos concellos o dereito de xestionar eses investimentos que tiñan no POS, pero foi o goberno do Partido Popular o que lle restabeleceu aos concellos esa competencia, e cambiamos o criterio, fomos nós, non vostedes, vostedes o que fan agora é facer o mesmo que fixemos nós na lexislatura anterior, como que non?, non foi o Partido Popular o que volveu restabelecer o dereito dos concellos a xestionar as súas obras, ou foron vostedes?, pero se temos todos memoria, todos os que estamos aquí o sabemos e os alcaldes de toda a provincia sábeno, diga vostede o que queira.

E si preocupoume especialmente a súa intervención en relación á informatización, de verdade que vostedes van abandonar ese Plan de informatización integral de todos os concellos?, porque vostede dixo que se refería ao Servizo de Recadación e Xestión Tributaria, pídolle por favor, pídollo, Sr. presidente, con toda seriedade, e con toda a posición favorábel do Partido Popular, de que vostedes sigan co programa, e que vostedes leven todo o mérito, que nós estaremos calados, de que os concellos da provincia se informaticen integralmente a través dunha acción da deputación, tendo a deputación a responsabilidade de pór en marcha un programa deste tipo, será vostede, Sr. presidente, o primeiro presidente da deputación de España que logre un obxectivo dese tipo, e terá todo o noso apoio aquí neste Pleno en calquera maneira para que vostede poida conseguir un obxectivo deste tipo. Eu quero dicirlle que me preocupa porque, na nosa época, o Servizo de Xestión Tributaria, era un Servizo excelente, espero que o siga sendo, era un servizo de elite, e na nosa época conseguíuse xa unha transformación radical dese servizo, que a propia iniciativa deles, que foi un elemento fundamental, lograse que calquera concello puidese coñecer o estado de recadación dos seus ingresos, a situación como estaba, o padrón e que tiñan información directa de toda a información que lle correspondía, iso quedou feito ao acabar a lexislatura anterior, e creo que vostedes se equivocan porque neste momento van depender o Servizo de Xestión Tributaria do tesoureiro, e unha cousa son as funcións de Tesouraría e outra as de Xestión Tributaria, e creo que é un erro que un órgano dedicado especificamente a recadación, como é a Tesouraría, asuma a dirección superior dun Servizo desta natureza, tiña un magnífico xefe e era unha persoa excelente, e supoño que o seguirá sendo, seguirá traballando, e tiña iniciativa suficiente

para lle dar autonomía e seguir traballando na mesma liña, non colocalo baixo a Tesouraría.

(Abandona o salón o Sr. Torres Colomer).

Mire vostede, a Deputación da Coruña está por diante do MAP, está por diante da maior parte das deputacións, xa que logo, se a informatización a centran na historia pasada, que é o que o MAP tenta presentar agora, e non presentar o proxecto da deputación como algo que supera as iniciativas do MAP, están vostedes cerrados. Oia, e se conseguen porcentaxes de recadación, creo lembrar, e vostede na lexislatura anterior, nesa de Maricastaña, era vostede membro da Comisión de Facenda, que as porcentaxes de recadación xa os tíñamos nós nese momento, e que a recadación excelente que a deputación e os servizos de Recadación alcanzaban, xa era un logro daquela época.

Que non me preocupe do Servizo de Asistencia a Municipios?, pois si que me preocupo, equivócanse vostedes profundamente rompendo ese Servizo, dividindo en catro áreas, alá vostedes, van recuar, e iso ten un custo.

E volvendo á miña actuación como presidente da Comisión de Persoal, que soamente nos niveis B e C, eu creo que vostede, que non era membro da Comisión de Persoal, eu creo que neste caso quen nos teñen que xulgar son os funcionarios da deputación, e aí estou moi tranquiliño, porque vostede falaba do Plan de seguros do persoal, da nosa época, de todo un conxunto de actuacións que nós levamos a cabo, que durante catro anos se traballou moitísimo en mellorar a situación do persoal en moitos aspectos. E o que si que fixemos era que auxiliares puidesen pasar a administrativos, que administrativos puidesen pasar a técnicos, a través de promoción, conseguido, non gratuitamente, senón porque desempeñaban funcións de nivel superior, e nos faltou, obviamente, unha lexislatura, porque foi ao final da nosa lexislatura, concretar orzamentariamente todo iso, pero todo o que vostedes están a facer, fundamentalmente está recollido da nosa época e está aí, e cando queira, facemos un debate monográfico, vendo os acordos que alcanzamos nós e os que teñen vostedes, e o que fixeron é continuar e completar ese labor que nos parece moi ben, salvo, o que non nos parece nada ben é o tema de asistencia a municipios que nos parece fundamental e grave nunha actuación. E que vostede diga que lle parece ben que a Comisión de Persoal se reúna catro veces nun ano, e tres delas para dar conta de que se nomeou viceteseoureiro, ou vicesecretario, ou viceinterventor, si que manda.... nalgún sitio, estou a falar con moita cortesía, sen utilizar termos, dígoo polo Sr. Nogueira que estaba a facer algún aceno de preocupación, non se preocupe Sr. Nogueira, que todo isto está moi controlado, nada, nada, aquí non hai excesos verbais inadecuados.

Por suposto, en canto ao tema dese Plan piloto que tiña 720.000 euros e este ano soamente ten 100.000, non me explicaron por que, pois vostedes verán, quedo na dúbida, e que tivésemos que pagar unha sentenza e que a sentenza leve xuros de mora, pois unhas sentenzas unhas veces se gañan e outras se perden, pero coidado,

xuridicamente unha cousa, as custas son obrigatorias cando se desestima unha demanda, pregúntelle vostede ao asesor xurídico da Cámara, síntoo moito por esa interpretación, pero vai en contra da interpretación da lei.

O que teño que gabar son os seus dotes de poeta, escolleu unha frase moi bonita, a min encántame, esa frase aplicarémónola todos cando vaíamos pasando dun lado a outro, porque desgraciadamente todos imos pasando por un lado e imos pasando por outro, mentres vostede nos conte poesías e nos reproduza poesías terá toda a nosa aprobación, cando me fale do orzamento, non. Moitas grazas.

Sr. presidente

Gustaríame facer algunhas matizacións. Creo que todos os voceiros, dentro da súa liberdade, poden utilizar os argumentos que queiran, pero debemos de tratar de ser rigorosos e serios e honestos intelectualmente. Non podemos comparar as cifras do orzamento do ano 2006 coas cifras do orzamento do ano 2003, porque non é serio, porque do ano 2003 ao ano 2006 houbo un 12% de inflación, e as cifras débense comparar en termos reais, un 12% de inflación, pero á parte, é que no ano 2003, no Consorcio de Bombeiros non había nin unha soa peseta, no Consorcio de Bombeiros do ano 2006 van preto de 2.500.000 euros, por exemplo. No ano 2003, en gastos correntes, que o Consorcio de Bombeiros está en gastos correntes, non había unha serie de gastos que se orixinan por investimentos que se fixeron, contratacións de monitores deportivos, os incrementos que se procederon en gastos correntes, en conservación de estradas, incrementáronse 500.000 euros en relación ao ano pasado, e incrementáronse en relación ao ano 2003, é moi difícil comparar, entón, os argumentos pódense utilizar os que se queiran, pero deberíamos comparar utilizando datos reais.

E entón hai un tema que me parece preocupante, non se vai desfacer o Servizo de Asistencia a Municipios, teñan a completa seguridade, a cooperación e o Servizo de Asistencia a Municipios é o que nuclea á deputación, reorganízase para o dotar de maior operatividade e para o potenciar, o Servizo de Asistencia a Municipios ten catro patas, o Servizo Xurídico, que pasaba no Servizo Xurídico?, porque o Servizo Xurídico da deputación está desfasado de traballo, e o Servizo Xurídico de Asistencia a Municipios ten escaso traballo, pois integramos todo nunha Asesoría Xurídica da deputación, pero non van quedar desasistidos os concellos en temas xurídicos. O tema económico, segue igual, o tema informático intégrase, non podemos modernizar desde o Servizo de Asistencia a Municipios aos concellos, e desde o Servizo de Informática da deputación informatizar a deputación, o lóxico é que se integren e que traballen en paralelo, e despois está o Servizo Urbanístico, que queda exactamente igual, e o que se fixo foi adscribilo á Oficialía Maior e a xefa de Servizo é a oficial maior, pero creo que o Servizo de Asistencia, e dígoo por se alguén ten a lexítima preocupación polo que vai pasar co Servizo de Asistencia, non só non desaparece, senón que se potencia, intégranse as dúas áreas no conxunto da deputación, para mellorar a súa operatividade.

E entón a título persoal podería dicir moitas cousas máis. Da informatización a municipios, imos continuar, supoño que no mes de xaneiro ou de febreiro, traeremos aquí un programa de modernización dos concellos que se financie cun proxecto singular do MAP, para o cal achegan 600.000 euros, no orzamento que imos aprobar hoxe están previstos 1.200.000 euros para modernización dos concellos, e ímolo facer, pero non o imos facer seguindo a estela de vostede aquí na deputación, Sr. Dositeo, porque de Price Waterhouse, 65 millóns de pesetas gastados e arquivados, sabemos moito, e do SXPA sabemos moito, e de moitas cousas máis, entón imos conseguir os obxectivos que nos marcamos.

E entón, para finalizar, un tema ao que me aludía, efectivamente, nas bases de execución fala de que se regulariza o soldo do presidente, e voulle dicir por que, porque está aprobado que o soldo do presidente sexa o soldo dun conselleiro da Xunta, e o presidente da deputación cobraba menos que un conselleiro da Xunta, e é máis, nalgúns meses, porque eu asino as nóminas, o presidente da deputación cobraba menos que algún deputado do Partido Popular, entón o que facemos é que o presidente da deputación cobre o que cobra un presidente da Xunta, e vai cobrar o mesmo que cobra o presidente da Deputación de Pontevedra e o mesmo que cobra o presidente da Deputación de Ourense.

E entón, se me permiten, creo que nos debemos de sentir orgullosos do que agora vou dicir. Nas bases de execución do orzamento recóllense unha serie de principios que eu creo que deben de ser principios reitores de toda xestión pública, o principio de publicidade, o principio de transparencia e o principio de control. Na base D contéplase un límite máximo voluntario ás subvencións que se han outorgar, de tal modo que non poidan exceder do 80% do orzamento da actividade ou investimento para realizar, co fin de garantir en todo caso o principio de adicionalidade e asegurar o interese real e efectivo do destinatario no obxecto e finalidade da acción de fomento. Até agora nas bases de convocatorias púñase esta cláusula, pero era unha capacidade discrecional do presidente, desde hoxe é unha decisión do Pleno da Corporación, e calquera excepcionalidade que se queira facer, terase que traer aquí como un caso singular, ter coñecemento o Pleno da Deputación, e aprobalo. Creo que isto é, dentro desa filosofía que agora se fala, de transparencia e publicidade, creo que isto é un paso importante do que nos debemos de congratular, e debemos de nos congratular tamén cando se di “Estabélcese a publicación o primeiro trimestre do exercicio no Boletín Oficial da Provincia, de todas as subvencións outorgadas en réxime de concorrencia e no ano natural anterior, cun exercicio de transparencia total na acción pública provincial, indicando a persoa física ou xurídica beneficiaria, a finalidade perseguida e o importe outorgado coas soas excepcións requiridas pola lexislación vixente”. Creo que se publique no Boletín Oficial da Provincia o primeiro trimestre todas as subvencións convocadas, é un exercicio de transparencia, do que unha vez máis a Deputación provincial se pode pór de modelo perante todas as Administracións públicas de España, e segue dicindo esta base que se encomenda á Intervención provincial que leve a cabo un Plan anual de control financeiro das subvencións aboadas no exercicio anterior para verificar que os fondos provinciais asignados a organismos,

asociacións, institucións, federacións e entidades ou particulares, foron destinados integramente á finalidade de interese público pretendida, do que se dará conta ao Pleno provincial para o seu coñecemento e efectos. Creo que isto contribúe a reforzar a publicidade, a transparencia e o control, que deben de ser os principios reitores de calquera xestión pública, e isto quería facelo constar, porque penso que é un paso adiante, que podemos pornos de exemplo perante outras administracións, e para dicir que o orzamento é máis que uns números e uns proxectos, son tamén uns compromisos de filosofía, que hoxe se se aproban estas bases, serán o compromiso do Pleno total da Deputación provincial.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: 2 deputados (PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2006, que presenta o Ilmo. Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2006 por importe de 166.849.420,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

	CAPÍTULO I	Impostos directos	12.685.434
,00	CAPÍTULO II	Impostos indirectos	11.810.240
,00	CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	5.974.440
,00			

	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	109.883.265
,00			
	CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	4.407.245
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		144.760.624
,00			
	2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
	CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	1.500.000
,00			
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	10.538.796
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		12.038.796
,00			
	3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	550.000
,00			
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	9.500.000
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		10.050.000
,00			
	<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>166.849.420</u>
,00			

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

	1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
	CAPÍTULO I	Gastos de persoal	32.490.888
,00			
	CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	31.121.903
,00			
	CAPÍTULO III	Gastos financeiros	3.081.933
,00			
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	23.959.178
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		90.653.902
,00			
	2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
	CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	26.788.622
,00			
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	38.026.790
,00			
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		64.815.412
,00			
	3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	2.022.606
,00			
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	9.357.500
,00			

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS **11.380.106**
,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **166.849.420**
,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos de carácter xeral	17.517.928,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	4.372.717,00
3	Seguridade, protección e promoción social	19.358.720,00
4	Produción de bens públicos de carácter social	43.452.617,00
5	Produción de bens públicos de carácter económico	31.122.202,00
6	Regulación económica de carácter xeral	11.886.030,00
7	Regulación económica de sectores produtivos	5.027.906,00
9	Transferencias a Administracións públicas	22.100.000,00
0	Débeda pública	12.011.300,00
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		166.849.420,00

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaron reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do devandito Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

3.-APROBACIÓN DO PLAN DE EMPREGO, CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA 2006.

INTERVENCIONS

Sr. Diz Arén

Xa moi brevemente, porque a parte do debate, e a parte máis escabrosa, ademais, parece que xa se formulou no punto anterior, que é o tema do orzamento, ímoslle presentar hoxe ao Pleno para a súa aprobación un Plan de emprego que, como comentou o meu antecesor, o voceiro do Partido Socialista, Sr. Lagares, é un Plan integral, porque afecta a todos os grupos dos traballadores desta deputación, creo que é un proxecto novo e que, entre paréntese, contestando un pouco ao Sr. Rodríguez, dicir que, efectivamente, non houbo moitas Comisións de Persoal, pero foi motivado, en principio, a que se fixo un esforzo enorme para facer un estudo e valoración da situación actual desta casa, e entón demorou un pouco a presentación dos resultados. Nese sentido, agradecer, ante todo, o apoio incondicional do presidente, Sr. Moreda, para levar adiante este estudo, e sobre todo felicitalo tamén polo acerto que tivo en nomear unha Comisión de Traballo que estaba formada por dous interventores, un interventor e o viceinterventor, estaba o oficial maior, estaba o tesoureiro, estaban dous técnicos de organización, a xefa de Servizo de Persoal e os representantes do Gabinete de Presidencia, e que eu tamén me honrei de formar parte dese grupo de traballo. Fíxose unha valoración, un estudo, e contabamos que no mes de febreiro-marzo, finalizásemos e poder presentar esa valoración. Levounos moito máis porque a situación da deputación é moito máis complexa do que parecía, ano tras ano fóronse simplemente facendo modificacións puntuais no cadro de persoal e na RPT, e entón, como dicía antes, era a primeira vez que se abordaba un Plan de emprego integral. Esta valoración fixo que atrasásemos as Comisións Informativas, mesmo ao final tamén dicir que o tempo que tivemos para negociar coas centrais sindicais tamén foi bastante escaso, co ánimo de o traer xa ao orzamento deste 2005, e poder ser operativos a partir do 1 de xaneiro de 2006. Pero dicirlle que houbo numerosísimas reunións, e que este documento que presentamos non é un documento cerrado, que naturalmente aceptamos a invitación do Partido Popular para que fagan as suxestións e mirar, que aínda estamos en prazo para facer algunha modificación se procede.

Teño que agradecer a esta Comisión de Traballo que fixo a valoración a súa dedicación e cantidade de horas que nos dedicamos a este estudo, e que resultou a custo cero para a deputación, e non como outros proxectos que se fixeron da casa e que se encargaron a empresas externas, e que supuxeron varios millóns de pesetas e que, ao final, non tiveron efectividade ningunha. Neste sentido, a proposta seguramente non é a que satisfai por completo á Corporación, tampouco é a que satisfai plenamente ás centrais sindicais e aos traballadores, pero hai unha limitación orzamentaria que, dalgunha maneira, condicionou, e houbo que priorizar. Entón, neste sentido, este Plan de emprego, digamos que así en liñas xerais, trata de dinamizar, en primeiro lugar a

área de recursos humanos, e tratando de establecer unha sección onde uns técnicos se encargarían de facer os estudos, as planificacións, as relacións cos sindicatos, as bases de elaboracións de oposicións, todo un traballo que nos queda por facer, moi importante. A área de Persoal era unha área que estaba infradotada de persoal, e con isto ampliábase, inclúese nela a Sección de Prevención de Riscos Laborais e tamén a Sección de Formación.

En Asistencia a Municipios, como dixo o Sr. presidente, vaise potenciar e vai estar coordinada polo secretario e pola oficial maior, e tamén trátase de crear e dimensionar unha área de Normalización Lingüística, onde non só se van facer as traducións das actas, senón que se vai facer outro tipo de traballo moito máis amplo. Trátase tamén de adaptar os cadros dos centros, onde había cantidade de persoal laboral, con moito tempo en expectativa de cal sería o seu futuro, entón vanse tratar de establecer e crear as súas prazas un concurso-oposición para, efectivamente, suprimir no posíbel todo ese persoal laboral temporal.

Nos Fogares Infantís tamén se vai facer unha adaptación á Lei, entón neste momento a Comunidade Relixiosa deixa o Fogar de Coruña e temos necesidade de nomear un director do centro, e tamén como establece a lei nomear uns titores e profesorado que necesita. Este Plan de emprego tamén presenta unha promoción interna moi ampla, nesa promoción interna van dúas prazas do grupo A, van vinte prazas de técnicos de xestión, vinte prazas que se lle van unir ás 17 de administrativo que estaban vacantes, máis as vacantes que se produzan polos concursos de ascensos. Tamén vai haber promoción interna para 5 prazas de auxiliares administrativos, que cubrirán persoal subalterno, 25 prazas de auxiliares educadores, que vai ser cuberto por persoal celador, e 17 prazas de auxiliar técnico do grupo C que cubrirán auxiliares técnicos do grupo D. Ademais, determinadas prazas, que non se poden cubrir por promoción interna, farase no seu momento a oferta de emprego público, como pode ser a praza de director, ou a praza dun técnico de Políticas de Igualdade, que tamén é unha sección nova que se establece e que, dalgunha forma, complementará tamén esta promoción interna. Neste plan tamén se pretende, abreviando, pero dicir que neste plan preténdese tamén comprometer un pouco aos traballadores e aos xefes de Servizo en producir economías importantes no que van ser os gastos de horas extraordinarias e os gastos que temos de contratación de persoal laboral, e que esas economías dalgunha forma tamén reverterán en complementos de produtividade que se vai dar ao final de ano a aqueles traballadores mesmo tamén por asistencia e cumprimento horario, e vaise tratar de funcionarializar as prazas que están desempeñadas por laborais e que é necesario que estean desempeñadas por estes funcionarios, e tamén se comeza por tratar de suprimir aquel complemento de produtividade base, e incluílo no complemento específico, dentro das porcentaxes que permita a lei, así este ano inclúese un 62%.

En fin, que é un proxecto novo, un proxecto creo que importante para os traballadores da deputación e que eu quería tamén, como comentaban antes os anteriores voceiros do grupo de goberno, agradecer aos compañeiros de Corporación,

especialmente a Margarida e a Pilar, as numerosas reunións que tivemos para debater nas Mesas de Negociación, e tamén agradecer a todos os sindicatos, asinantes ou non, pero en especial aos que asinaron, o talante e a gran colaboración que tiveron nas Mesas de Negociación, e que ao final, seguramente se non asinaron é porque non lles complace ao cen por cento, pero que en principio a súa colaboración foi completamente formal, e que ademais sei que vou contar con eles a partir de 2006 para elaborar todo un proxecto que nos queda por diante importante de traballo, de elaboración de bases, preparar concursos, para que en 2007 se poidan elaborar xa todas as probas.

Tamén quería agradecer, como non, o voto favorábel que desde o Comité de Empresa e desde a Mesa da Xunta de Persoal lle prestan a este Plan de emprego e gustaríame que o Partido Popular tamén, en principio se unise a este proxecto e nos dese o seu voto favorábel, moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A posición do Partido Popular vai ser de abstención por razón de que non tivemos tempo de coñecer toda a documentación, de que, efectivamente, se nos deu practicamente hai uns intres, e que aceptamos a oferta de colaboración, pedímoslles para coñecer todo isto, e polo tanto, non se trata de xustificar ou non xustificar, non necesitamos nada máis e por esa razón permitinme intervir antes.

Sra. Vázquez Veras

Eu son consciente de que tivemos un difícil contrincante co debate anterior do orzamento, calquera tema que se tratase a partir dese debate sempre íamos partir en enorme desvantaxe, pero de todas as maneiras, e procurando condensar o que foron dous anos de traballo desde o goberno provincial, no que atinxe a políticas de persoal, eu tamén quería complementar o que foi a intervención do presidente da Comisión de Persoal, Germán Diz.

Dicir que como foi un tema que saíu en distintas ocasións no orzamento, evidentemente, tanto no pacto de gobernación que neste momento está a funcionar na deputación, desde o PSOE e o BNG, como mesmo explicitado na presentación de obxectivos na toma de posesión da Presidencia, un dos obxectivos que tíñamos este goberno provincial era, evidentemente, procurar modernizar e procurar facer un cadro de persoal dotado de maior eficiencia, xa que logo, evidentemente e neste reto estivemos durante dous anos enredados, pero penso que ben enredados polo produto que ao final sae, que é este Plan de emprego, nun diagnóstico e nun estudo do cadro de persoal que, en todo caso, por parte da Corporación, se levou a través desa Comisión de Traballo da que xa comentou Germán Diz, pero en todo caso, eu o que si quería, no inicio da miña intervención, agradecer o que foi a paciencia, e mesmo a responsabilidade, exercida por parte das centrais sindicais, que nos deixaron este período longo para procurar, en todo caso, facer o que foi un varrido de todo o cadro de

persoal e o que é, neste momento, o dimensionamento que se trae a este Pleno a través do Plan de emprego.

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Rodríguez).

En todo caso resumir os que foron os obxectivos nos que se estivo a traballar, e que se plasma nos distintos títulos e no preámbulo que acompañan o Plan de emprego.

En primeiro lugar, eu penso que todos e todas as que traballamos neste ámbito éramos conscientes de que, se teorizamos que os recursos humanos e o colectivo humano, que é o que ten a fin de contas que levar á práctica as ideas, os proxectos, e mesmo as decisións políticas que se toman por parte dun goberno provincial, é evidente que isto significaba darlle un xiro total e absoluto a cal foi a política de persoal que se levou nesta deputación ao longo dos anos, que era, nin máis nin menos, que facer unha política de xestión de persoal, de atender o día a día, pero non unha política de planificación e de implementación de temas e de reivindicacións que formaban parte do colectivo de traballadores e traballadoras da Deputación provincial. Eu penso que dentro do Plan de emprego se plasma perfectamente que a Deputación da Coruña vai optar a partir do ano 2006 de ter unha planificación en xestión de recursos humanos, que o que nos vai dar é a posibilidade dunha adaptación moitísimo máis rápida do que se facía neste momento ás novas necesidades, e mesmo ás novas actividades que, por parte da Deputación provincial, se puidesen acometer.

E eu penso que na área que se conforma de persoal hai tamén un aspecto para destacar, e é esa política de relacións laborais e de contacto coas centrais sindicais representativas na Mesa de Negociación, como representantes directos das aspiracións dos traballadores e das traballadoras da casa, que eu penso que era necesario incluír na actividade diaria da Sección de Persoal.

En segundo lugar eu penso que o Plan de emprego que se presenta cumpre as aspiracións que por parte do funcionariado e do persoal laboral desta casa se viñan demandando desde hai moitos anos que é, en todo caso, a apertura desa carreira profesional que vén contemplada no Plan de emprego, do punto de vista da promoción interna e da formación continua necesaria para que os traballadores e traballadoras da deputación poidan cumprir perfectamente o papel que se lles asigna, sexa cal sexa a categoría na que estean a traballar, e de feito, dentro do Plan de emprego abránguese, tanto o que é a promoción vertical, como o que é a promoción horizontal e cruzada, e eu aquí si que teño que dicir que é substancialmente diferente do Plan de emprego aprobado nos últimos meses do anterior mandato da Deputación provincial, que se atíña única e exclusivamente a unha categoría que, neste momento está subsumido, ese Plan de emprego aprobado no ano 2002 por este Pleno da deputación, e ampliado, e valla a redundancia, amplamente no Plan de emprego que se presenta.

Hai outro obxectivo e era o de procurar dotar de medios humanos para atender as novas áreas de actividade, que se formulou como obxectivo esta Corporación

provincial. Eu, en todo caso, vou falar de dous que me competen, pero eu penso que está reflectido practicamente en todas as áreas. En primeiro lugar hai un cambio total no que é a política de normalización lingüística que se vai facer desde esta deputación, até o momento, e se se aproba este plan, vaise contar cunha Unidade Técnica de Normalización Lingüística, que cambie mesmo de situación para visibilizar moito máis cal vai ser a súa función primordial, que non é, nin máis nin menos, que cumprir ese Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade dos tres grupos parlamentarios na anterior lexislatura, e é considerar a promoción do galego como un Servizo máis que os concellos e as institucións locais teñen que ofertar á cidadanía.

En segundo lugar ábrese, aínda que sexa cos mínimos medios posíbeis, esa unidade técnica de políticas de igualdade, que vai ser a encargada tamén de consolidar no tempo, e de consolidar nas actuacións, esas políticas de igualdade transversais, que é un compromiso por parte deste goberno provincial.

Facer referencia, en todo caso, tamén, a que neste Plan de emprego se toca por primeira vez unha materia pendente desta deputación, que era a situación dos centros que dependen da Deputación provincial. Durante moitos anos parecía que na deputación existía o centro, os servizos centrais, e a periferia, que eran todos eses servizos anexos que estiveron a funcionar como podían ao longo destes anos. Eu penso que as modificacións que se fan, fundamentalmente no que son os fogares infantís, no que é os inicios da Imprenta, ou o que son os centros públicos, o Puga Ramón e o Calvo Sotelo, pónennos no camiño de poder presentar os centros dependentes da deputación, practicamente en proxecto de revista e como modelos de como teñen de funcionar estes centros de ensino.

Hai outro aspecto que trata o organigrama, que se inclúe dentro do Plan de emprego, que eu penso que é tamén interesante destacar, e ese varrido que se fixo por todas os servizos da Deputación provincial para tratar de axeitar o que eran as necesidades que neste momento se teñen por parte do persoal, as necesidades de persoal ao que había na actualidade, e en todo caso, do punto de vista de persoal tamén dicir que se introducen aqueles mecanismos que penso que lle van dar unha maior flexibilidade ao cadro da deputación para mellor poder cumprir as súas funcións e o seu traballo.

Hai unha parte que eu penso que tamén é interesante destacar, e son os aspectos retributivos que van acompañando o Plan de emprego. En primeiro lugar é ese incremento do específico, incluíndo dentro del, nos lindes fixados por lei, o complemento de produtividade base que neste momento se está a cobrar por parte dos traballadores da deputación, e os factores salariais derivados dos postos que nestes momentos se están a cubrir como son os de especial dedicación, nocturnidade, quebranto de moeda, dispoñibilidade, turnicidade ou traballos en festivo. E eu penso que cara o incentivo do traballo de persoal, evidentemente o que é ese factor retributivo que se introduce, que é o complemento de produtividade, con base, eu penso, que no rendemento laboral, cunha Comisión de Avaliación e uns criterios de concesión que eu

en todo caso, cando se fala de conceptos obxectivos, cando estamos a falar de suxeitos, é moi posíbel que sexan dificilmente salvábeis, pero que en todo caso, tal como está contemplado no Plan de emprego, eu penso que vai ser, mesmo con posibilidades de alegacións aos informes presentados polos xefes de Servizo, por parte dos traballadores e traballadoras da deputación, bastante xusto na súa distribución. Eu, en todo caso, destacar que a diferenza tamén deste Plan de emprego é que se fixa un calendario, fíxase unha metodoloxía que está pactada por parte de quen temos que estar a traballar neste tema, que son a representación dos traballadores e a Corporación provincial. Faise unha temporalización e aparece no proxecto un calendario, e fundamentalmente o que se fai é a dotación orzamentaria suficiente para que o Plan de emprego non quede nun documento aprobado en sesión plenaria, senón que se poida levar á práctica.

Eu penso, en todo caso, que efectivamente, a presentación que se levou por parte da Área de Persoal foi cobizosa, cumprimos parte dos obxectivos, eu penso que dentro da mesma literatura do plan van recollidos todos aqueles traballos que quedan pendentes, pero en todo caso, sen ser o produto final, eu penso que dentro deste Plan de emprego séntanse unhas bases ben sólidas para que ao final do proceso en todo caso podemos contar cuns recursos humanos na deputación que lle van dar moita máis eficiencia ao traballo que facemos, e sobre todo de cara a ese servizo aos cidadáns e cidadás da provincia, que eu penso que é o leit-motiv e o obxectivo fundamental desta Corporación.

Xa que logo, penso que non debía de pasar sen pena nin gloria este punto no Pleno da deputación porque a partir da súa aprobación penso que vai haber un antes e un despois en canto á política de persoal se refire.

Sr. presidente

A min, se me permiten, gustaríame tamén dicir unhas palabras, porque isto que aprobamos é importante. Era un dos obxectivos que tiña este goberno e esta Presidencia, e era un obxectivo difícil de conseguir, e creo que é de boa persoa ser agradecidos. Eu quero expresar a miña felicitación pública e que conste en acta, polo traballo do Grupo de Traballo que para este cometido se constituíu, quero expresar a miña felicitación aos deputados que participaron na negociación e aos sindicatos que participaron nesa negociación, creo que con este acordo, con este Plan de emprego, non soamente conseguimos un dos obxectivos básicos anunciados na toma de posesión, senón que contribuímos a mellorar a organización da deputación, contribuímos a mellorar a súa eficacia, contribuímos a mellorar a calidade do servizo, e contribuímos a incrementar a motivación dos funcionarios.

Quedan aínda algúns temas pendentes, que non se trataron porque queremos tratalos, non ás prásas e correndo, senón co rigor que estes temas requiren, e se me permiten, quería felicitar de forma individual ao deputado de Persoal, a D. Germán Diz, porque o pasou mal, seino, moi mal, porque tivo momentos de esmorecemento e de desmoralización, porque a negociación foi dura e difícil, tratei de lle dar ánimos, que

conste en acta, pola menos, a miña felicitación, moitas grazas, Germán, fixeches un bo traballo, e agora temos que continualo entre todos, entre os deputados e os sindicatos.

E quería tamén, dentro deste capítulo de agradecementos, agradecerlle ao Partido Popular a prudente posición de oposición, eu espero que cando vexan o contido do Plan de emprego estean a favor, o defendan e o voten. Moitas grazas e remata a sesión.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apróbase o [Plan de emprego da Excma. Deputación Provincial da Coruña que inclúe o Cadro de persoal e Relación de postos de traballo ano 2006.](#)

PLAN DE EMPREGO DA EXCMA.DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A finalidade dos plans de emprego tal e como sinala na súa exposición de motivos, a Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección do desemprego, é articular medidas que, a partir da racionalización e axuste da estrutura das organizacións administrativas, melloren o rendemento dos recursos humanos da Administración pública, sometendo a súa planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade e eficacia, optimizando os custos de persoal.

Ao mesmo tempo, configura os plans de emprego como instrumentos esenciais para a formulación global das políticas de recursos humanos das distintas organizacións administrativas e que tratan de adecuar o mercado interno de traballo ás necesidades reais da propia Administración co fin de incrementar a súa eficacia.

Constitúen os plans de emprego un instrumento de planificación e ordenación da función pública, para facer posíbel a aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade.

Tal e como establece o acordo de Administración e sindicatos para a modernización e mellora da Administración pública, dentro das medidas dirixidas a aumentar a eficacia e a calidade na prestación dos servizos públicos, está a planificación dos recursos humanos, a través dun diagnóstico global da situación dos recursos humanos que permita deseñar políticas de emprego máis acordes coas necesidades da administración e avanzar na mellora dos servizos públicos.

Este diagnóstico realizarase sobre a base das orientacións seguintes: satisfacer as necesidades de efectivos das áreas prioritarias e dirixir os fluxos de persoal para elas; adaptar as relacións de postos de traballo ás necesidades de efectivos; distribuír os efectivos de acordo co reparto real de funcións e cargas de traballo e orientar a mobilidade e o ingreso para servizos prioritarios.

Un paso do proceso de racionalización é, polo tanto, facer un diagnóstico global da situación dos recursos humanos adaptando a estrutura organizativa das distintas unidades e servizos da Deputación ás necesidades actuais, posto que desde o ano 1986 non se levou a cabo un estudo global do cadro de persoal, limitándose ao longo destes anos as distintas Corporacións, á aprobación de modificacións puntuais do cadro e relación de postos de traballo.

É por iso, polo que se someten á aprobación do Pleno da Corporación os novos organigramas das distintas unidades administrativas, adaptándose a dimensión de cada unha delas á situación actual.

Consígnase unha cantidade no Orzamento de 2006, destinada á reorganización destas unidades e reclasificacións de postos de traballo, comprometéndose a Corporación a estudar as áreas que quedaron pendentes.

Dentro das medidas que se han tomar está o potenciar o Servizo de Recursos Humanos, transformando o anterior Servizo de Persoal nun Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, dotándoo de máis efectivos e creando unha Sección específica destinada a planificar, racionalizar o cadro de persoal e relación de postos de traballo, seleccionar ao persoal, así como á negociación e relacións laborais e sindicais. Ao

mesmo tempo intégranse neste Servizo as unidades de Prevención de Riscos Laborais e a de Formación do Persoal, co fin de realizar unha xestión integral dos recursos humanos .

En canto aos Servizos Tributarios, e tendo en conta que a Deputación debe prestar asistencia e apoio técnico, xurídico e económico aos concellos, salientando o ámbito tributario pois gran parte dos concellos terían dificultades para xestionar os seus tributos, lévase a cabo unha reorganización, pretendéndose con esta reestruturación, o prestar o servizo coa máxima calidade aos concellos.

No momento actual, está en marcha o proxecto de implantación dunha aplicación informática integrada da área tributaria da Deputación. Como consecuencia desta integración informática, faise necesaria a integración e reorganización dos Servizos de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección Tributaria, e unha reestruturación das distintas zonas de recadación.

Propónse tamén, dentro das medidas de racionalización, a unificación das dúas Asesorías Xurídicas existentes na actualidade, a interna e a destinada ao asesoramento dos concellos, por razóns de operatividade.

Créase unha Sección de Normalización Lingüística, deixando de depender organicamente da Sección de Actas as tradutoras de galego, ao asumir a nova unidade máis competencias ca a de tradución de actas, competencia que tiñan no momento da creación das prazas, pero que resulta insuficiente no momento actual.

Tamén se adaptaron as estruturas dos centros dependentes da Deputación; así, en canto aos centros docentes (Instituto de Educación Secundaria “Rafael Puga Ramón” e Instituto de Educación Secundaria “Calvo Sotelo”) e o Conservatorio de Danza créanse no cadro de persoal aquelas prazas de profesores que son necesarias, co fin de evitar a contratación laboral temporal que ano a ano se viña realizando.

Como recolle o mencionado acordo Administración-sindicatos, a administración comprométese a adoptar as medidas necesarias para a consolidación do emprego temporal.

Preténdese, a través deste plan de emprego, reducir a contratación laboral temporal, creándose no cadro de persoal non soamente as prazas de profesores mencionadas, senón tamén aquelas prazas que se detectan como unha necesidade permanente e non responden a unha necesidade puntual como pode ser unha acumulación de tarefas ou a contratación para realizar unha obra ou servizo determinado.

En canto aos fogares infantís, lévase a cabo a adaptación do cadro á normativa vixente, ao esixirse na actualidade unhas determinadas titulacións e cualificacións para a atención e coidado de menores que non eran necesarias hai uns anos, creándose no cadro de persoal prazas de educador, educador titor e auxiliar educador.

Créase tamén a praza de director do Fogar Infantil “Emilio Romay”, ao ser necesaria perante a retirada da Comunidade Relixiosa.

Os plans de emprego configúranse como ferramentas xurídicas esenciais para a planificación global das políticas de persoal, permitindo unha reordenación do persoal, para o adaptar ás necesidades reais da propia administración coa finalidade de incrementar a eficacia. Neste contexto, régúlanse medidas encamiñadas a situar os

efectivos de persoal dispoñíbeis nas áreas necesitadas con outras medidas en materia de provisión de prazas que permitan maior flexibilidade.

Establécese o carácter residual das ofertas de emprego público, que durante a vixencia do plan de emprego, recollerán aqueles postos que non poidan ser cubertos cos efectivos desta Deputación, potenciándose os procesos de reclasificación, reasignación, readscripción e redistribución de efectivos así como a promoción interna, como instrumentos para incrementar os niveis de integración e motivación.

A promoción interna, ademais dun dereito dos funcionarios públicos, constitúe unha ferramenta que a Administración debe utilizar para aproveitar todo o potencial que os empregados públicos van adquirindo ao longo da súa vida administrativa para desenvolver funcións correspondentes aos grupos de clasificación superiores.

Esta decisión determina a necesidade de realizar procesos de cualificación e especialización do persoal, que obriga a pór en marcha programas de formación que permitan dotar aos traballadores da cualificación necesaria para afrontar os novos cometidos.

A Corporación fomentará ao máximo a promoción interna ao non existir, na Lei de medidas da reforma da función pública, o límite do 50% das prazas vacantes, que establecía o art. 22 na súa redacción inicial e que foi suprimida na reforma operada pola Lei 23/1988.

Serán obxecto de negociación cos representantes sindicais, as bases das distintas convocatorias para prover as prazas mediante promoción interna, establecéndose que, como regra xeral, utilizarase como sistema selectivo o concurso-oposición.

A formación dos empregados públicos constitúe un instrumento capital para a mellora da prestación profesional, para o aumento da calidade na prestación dos servizos públicos e para acrecentar o sentido do servizo aos intereses xerais.

A formación deberá ser pois, un elemento esencial no proceso de racionalización do funcionamento da Deputación, incrementando a motivación dos traballadores e un mecanismo indispensábel para facer posíbel a mobilidade e promoción profesional.

Contémplase a celebración de cursos de formación para o persoal que concorran aos procesos de selección para a provisión de prazas por promoción interna, ditos cursos realizaranse fóra do horario laboral, tratándose de conciliar a vida familiar e laboral.

Outra das medidas que se inclúen neste plan de emprego, é a transformación de gran número de prazas de auxiliar administrativo, que se encontran vacantes neste momento e as que resulten vacantes unha vez realizada a promoción interna, en prazas de administrativo, tratando de conseguir unha maior proporción entre as prazas destas dúas categorías, posto que isto contribúe, dun lado, a elevar a cualificación profesional dun gran número de empregados que conforman a columna vertebral da organización e, doutro, configúrase un indubidábel instrumento de motivación e incentivo dirixido ao colectivo de auxiliares.

Convértense en funcionarios aquelas prazas que por disposición legal deben ser desempeñadas por funcionarios, como as de administrativo do Servizo de Recadación, as de auxiliar administrativo da Sección de Promoción Económica, Instituto "Calvo Sotelo", a Biblioteca Provincial e o Fogar Infantil de Ferrol, e os profesores dos centros docentes e do Conservatorio de Danza, prazas que aparecerán na relación de postos de traballo como ocupadas con persoal laboral.

Regularízanse situacións irregulares, facendo coincidir a denominación das prazas coas funcións que se desenvolven, convertendo as prazas de xastra e gaiteiros en prazas de subalternos e de operario auxiliar de servizos.

Unifícanse os grupos daquelas prazas que sendo iguais en canto a denominación e funcións, pertencen a grupos diferentes en función da titulación esixida en cada momento, como as prazas de condutor e cocifeiros.

Dentro das medidas de ordenación retributiva, incorpórase, sen superar os límites legais, ao complemento específico de cada posto de traballo, o complemento de produtividade base de cada posto, fixado no seu día como consecuencia da aplicación do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, que establecía o novo réxime de retribucións dos funcionarios de administración local e cada ano irase incorporando unha porcentaxe do complemento de produtividade base de cada posto de traballo, dentro das limitacións legais, ata facer desaparecer este concepto.

Acórdase modificar o Convenio colectivo do persoal laboral, para adaptar os conceptos retributivos do persoal laboral aos conceptos existentes para o persoal funcionario, equiparando as retribucións complementarias (complemento de destino, específico e de produtividade) aos correspondentes aos funcionarios de categorías similares, desaparecendo o plus de convenio.

Articúlanse medidas de incentivos á mellora da produtividade e o rendemento, dirixidas á mellora da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos humanos, ao ser obxectivamente inxusto e xa que logo organizativamente inconveniente que, dous traballadores, desempeñando o mesmo posto de traballo e en consecuencia percibindo as mesmas retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, unha actividade extraordinaria, con interese e iniciativa no seu cometido, estea identicamente compensado co que se limita a cumprir cos estándares mínimos do posto de traballo.

Se a iso se une, a dificultade práctica da Administración pública para sancionar aos traballadores ineficientes ou menos interesados no desempeño do seu labor, máis necesaria é aínda a diferenciación compensatoria entre ambos os dous comportamentos, pois do contrario, desincentívase no máis produtivo.

Estabelecerase maior flexibilidade no cumprimento da xornada laboral, tanto por razón de conciliación da vida familiar e laboral como coa posibilidade de recuperar o tempo que falte para completar a xornada laboral.

Dentro deste plan inclúense os seguintes títulos:

Título I.- Organigramas do ano 2006.

Título II.- Cadro de persoal do ano 2006.

Título III.- Relación de postos de traballo do ano 2006.

Título IV.- Promoción interna.

Título V.- Estabilización do emprego temporal

Título VI.- Mellora da produtividade

Título VII.- Mobilidade

Título VIII.- Vixencia e execución do acordo

TÍTULO I.- ORGANIGRAMAS DO ANO 2006

Como consecuencia deste plan de emprego, adáptanse as medidas seguintes:

-Faise depender directamente dos xefes de Servizo os técnicos de xestión de Administración xeral, os auxiliares e administrativos con que conta cada Servizo.

-Unifícanse as escalas e grupos que poden acceder ás Xefaturas de Sección e Negociado, determinando para a Xefatura de Sección: Grupos A/B, Escalas AX/AE e para a Xefatura de Negociado: Grupos B/C, Escalas AX/AE.

-Transfórmanse as prazas de técnicos de xestión de Políticas Públicas en técnicos de xestión de Administración Xeral.

-Servizo de Fomento:

Créanse catro prazas de administrativo de Administración xeral.

Créase unha praza de técnico de Políticas de Igualdade.

Transfórmase a praza de auxiliar laboral que se encontra vacante nunha praza de administrativo, funcionario.

Cámbiase a denominación das prazas de asistente social pasando a denominarse técnico de Servizos Sociais.

Faise depender do Servizo a Unidade Técnica de Normalización Lingüística.

Cámbiase a denominación das prazas de tradutor de Galego, pasando a denominarse técnicos de Normalización Lingüística.

Faise depender o Pazo de Mariñán (Residencia) directamente da Xefatura de Servizo.

Recóllese a situación de feito existente referente a “A Milagrosa” que deixa de depender do Servizo, xa que na actualidade soamente se realiza a xestión patrimonial a través do Servizo de Patrimonio.

-Secretaría Xeral:

Prodúcese a unificación da Asesoría Xurídica da Deputación coa Asesoría do Servizo de Asistencia a Municipios nunha única unidade dependente da Secretaría Xeral, denominada Asesoría Xurídica de Deputación e Municipios.

Trasládase a praza de letrado adxunto do Servizo de Asistencia a Municipios á Asesoría Xurídica unificada.

Créase unha praza de administrativo de Administración xeral.

Adscríbese unha praza de auxiliar administrativo do Servizo de Asistencia a Municipios á Asesoría Xurídica unificada.

-Servizo de Xestión de Plans e Infraestruturas:

Cámbiase o nome do Servizo que pasa a denominarse Servizo de Plans de Obras e Servizos.

Cámbiase o nome das Xefaturas de Sección/Negociado de Plans Xerais que pasan a denominarse “xefe de Sección/Negociado de Plans de Cooperación Económica Local”

Adscríbense 2 prazas de auxiliar administrativo á Sección de Formación do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

-Oficialía Maior:

Prodúcese a adaptación do organigrama dos Servizos de Asistencia Técnica e Económica a Municipios á situación existente na actualidade, pasando a depender da Oficialía Maior que exerce as funcións de dirección destes.

A Unidade de Prevención de Riscos Laborais pasa a integrarse no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

-Central Actas, Rexistro e Información:

Cámbiaselle o nome da Unidade pasando a denominarse Actas, Rexistro e Información. Cámbiaselle o nome ás Xefaturas de Sección/Negociado motivado polo cambio de nome da Unidade.

Créase unha praza de administrativo de Administración xeral.

Transfórmase unha praza vacante interina de auxiliar administrativo en administrativo de Administración xeral.

Adscríbese á Unidade unha praza de auxiliar administrativo proveniente da Unidade de Presupostos e Estudos Económicos.

Adscríbese á Unidade unha praza de auxiliar administrativo proveniente do Servizo de Recadación.

Adscríbense á Unidade as prazas de telefonistas provenientes de Servizos Internos.

-Parque Móbil:

Amortízanse tres prazas de condutores, vacantes (2 do grupo D e 1 do grupo E)

Unifícanse os grupos de condutores pasando a ser todas as prazas grupos D/E

-Servizo de Patrimonio e Contratación:

Cámbiase o nome de Xefatura de Negociado de Patrimonio, Bens e Subministracións a Xefatura de Negociado de Subministracións.

Créase unha Xefatura de Negociado de Patrimonio e Expropiacións.

Adscríbese a perito agrícola e a Explotación Agrícola do Pazo de Mariñán a este Servizo.

Decláranse en extinción as prazas de operarios agrícolas.

- Prevención de Riscos Laborais.

A Unidade pasa a formar parte do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

-Servizo de Asistencia a Municipios.

A praza de director do Servizo amortízase.

A Asistencia Xurídica a Municipios intégrase na Asesoría Xurídica unificada que depende da Secretaría Xeral.

A praza de letrado asesor xefe amortízase.

A praza de letrado adxunto trasládase á Asesoría Xurídica unificada dependente da Secretaría Xeral.

A praza de técnico de xestión de Políticas Públicas trasládase ao Servizo de Xestión e Planificación de Recursos Humanos como técnico de xestión de Administración xeral.

A secretaria do director do Servizo transfórmase en Xefatura de Negociado da Sección de Planificación de Recursos Humanos do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

O Servizo de Asistencia Económica a Municipios pasa a depender de Oficialía Maior.

O Servizo de Asistencia Técnica a Municipios pasa a depender de Oficialía Maior.

A Asistencia Informática a Municipios pasa a depender de Organización, Calidade e Modernización.

A praza de adxunto a xefe de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios amortízase.

Os 8 asesores de Sistemas de Xestión Municipal trasládanse a:

2 ao Servizo de Asistencia Económica a Municipios, como técnicos de xestión de Administración especial.

5 á Unidade de Asistencia Informática a Municipios do Servizo de Organización, Calidade e Modernización.

1 á Sección de Presupostos e Estudos Económicos, como técnico de xestión de Administración especial.

-Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Cámbiase o nome da Xefatura do Servizo pasando a denominarse Xefatura de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

Cámbiaselle o nome da praza de delineante de Asistencia a Municipios que pasa a denominarse delineante.

-Servizo de Asistencia Económica a Municipios.

Cámbiaselle de nome pasando a denominarse Xefatura do Servizo de Asistencia Económica a Municipios.

Trasládanselle ao Servizo dúas prazas de asesores de Sistemas de Xestión Municipal transformándose en prazas de técnico de xestión de Administración especial.

Adscríbese ao Servizo un auxiliar administrativo do Servizo de Xestión Tributaria adscrito a Recursos Propios.

-Servizos Internos

Reconfigúrase a praza de xefe de Servizos Internos para que poidan acceder a ela funcionarios dos grupos E e D.

Cámbiase de nome a praza de adxunto ao xefe de Servizos Internos que pasa a denominarse subxefe de Servizos Internos.

Trasládanse as dúas prazas de telefonistas á Sección de Actas, Rexistro e Información.

Créase unha praza de subalerno por transformación dunha praza de xastre/a adscrita ao Conservatorio de Danza.

-Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

Cámbiase o nome do Servizo pasando a denominarse Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

Cámbiase o nome á Sección que existía en Persoal pasando a denominarse Xefatura de Sección de Xestión de Recursos Humanos.

Incorpórase ao Servizo a Sección de Formación proveniente do Servizo de Planificación e a praza de administrativo e auxiliar adscritas a esta Sección.

Trasládase ao Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos a praza de técnico de xestión de Políticas Públicas, transformada en técnico de xestión de Administración xeral, do anterior Servizo de Asistencia a Municipios.

Incorpórase ao Servizo a Unidade de Prevención de Riscos Laborais, reconfigurando a praza de técnico de Prevención de Riscos Laborais.

Trasládanse ao Servizo dous auxiliares de Administración xeral que proveñen do Servizo de Xestión de Plans.

Créase unha praza de xefe de Sección de Planificación de Recursos Humanos.

A praza de xefe de Negociado da nova Sección de Planificación de Recursos Humanos provén da transformación da praza de Secretaría de Dirección de Asistencia a Municipios.

-Servizo de Vías e Obras

Declárase en extinción a praza de xefe de Servizo e declárase en transformación a praza de enxeñeiro adxunto en enxeñeiro superior que se adscribirá ao novo Servizo de Infraestruturas e Conservación.

Adscribirase ao novo Servizo de Infraestruturas e Conservación a Xefatura de Sección, cando se extinga a Xefatura de Servizo de Vías e Obras.

-Servizo de Infraestruturas e Conservación.

O persoal deste novo Servizo provén de traslado de parte do persoal do Servizo de Vías e Obras.

Créase unha praza de xefe de Servizo de Infraestruturas e Conservación.

Cámbiaselle o nome ás prazas que proveñen do Servizo de Vías e Obras de capataz e capataz encargado (Polígono de Sabón) a auxiliar técnico.

Configúranse as prazas de auxiliar técnico como grupo C/D.

Cámbiaselle o nome ás prazas que proveñen do Servizo de Vías e Obras de peón vixilante a operario.

-Servizos Técnicos de Urbanismo.

Cámbiase o nome do Servizo que pasa a denominarse Servizo de Arquitectura.
Cámbiaselle o nome ao posto de responsábel do Servizo que pasa a denominarse xefe de Servizo de Arquitectura.
Créase unha praza de administrativo de Administración xeral.

-Servizo de Enxeñería e Mantemento.
Cámbiaselle o nome ao posto de responsábel do Servizo pasando a denominarse xefe do Servizo de Enxeñería e Mantemento.

Transfórmase a praza de encargado xeral de Mantemento en enxeñeiro técnico, Grupo B.
Unifícanse as denominacións con cambio de nome da praza de especialista de oficios varios que pasa a denominarse oficial operario de servizos.
Trasládanse ao Servizo tres prazas ocupadas polas persoas que realizan tarefas de mantemento no Fogar Infantil “Emilio Romay”, Fogar Infantil de Ferrol e no Colexio Calvo Sotelo.

-Intervención Xeral
Cámbiaselle o nome ás prazas de Secretarías de Intervención e Viceintervención que pasan a ser Secretarías.
Configúrase o posto de interventor como de libre designación.

-Servizo de Contabilidade
Cámbiaselle o nome á Xefatura de Sección de Contabilidade Financeira e Presupostaria que pasa a denominarse Xefatura de Sección de Contabilidade Financeira, Presupostaria e Operacións non Presupostarias.
Transfórmase unha praza de técnico de xestión económico financeira vacante en xefe de Negociado de Contabilidade Analítica e Patrimonial.
Créase unha praza de administrativo por transformación dunha praza de auxiliar vacante.

-Servizo de Fiscalización
Cámbiaselle o nome ás Xefaturas de Sección e Negociado do Servizo que pasan a denominarse Xefatura de Sección de Fiscalización I, Xefatura de Sección de Fiscalización II, Xefatura de Negociado de Subvencións, Xefatura de Negociado de Fiscalización de Contratos, Convenios e Outros Gastos Correntes, Xefatura de Negociado de Plans e Investmentos Provinciais, Xefatura de Negociado de Fiscalización de Persoal, Xefatura de Fiscalización de Recursos doutros Entes e Xefatura de Negociado de Fiscalización de Recursos Propios e Outros Gastos con Financiamento Afectado.

Transfórmase a Xefatura de Sección Gastos I en Xefatura de Negociado de Subvencións.

Trasládase ao Servizo de Planificación Desenvolvemento Territorial e Unión Europea unha praza vacante de administrativo (Ingresos).

-Presupostos e Estudos Económicos

Trasládase a Actas, Rexistro e Información unha praza de auxiliar de Administración xeral.

Adscríbese unha praza de asesor de sistemas de Xestión Municipal reclasificándose como técnico de xestión de Administración especial.

-Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

Cámbiaselle o nome ao Gabinete de Planificación e Control, pasando a denominarse Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

Cámbiaselle o nome á Sección de Publicacións e Información que pasa a denominarse Sección Unión Europea e Acción Exterior.

Amortízase unha praza de xefe de Sección de Proxectos.

Transfórmase unha praza de técnico de organización nunha praza de técnico de xestión de proxectos.

Incorpórase ao Servizo unha praza de administrativo proveniente do Servizo de Fiscalización.

Trasládase ao Servizo de Organización, Calidade e Modernización unha praza de Administrador de Sistemas Rede, transformándoa en técnico superior de Informática.

-Servizo de Informática.

Pendente de reestruturación.

-Servizo de Organización, Calidade e Modernización.

A praza vacante de adxunto a xefe de Servizo transfórmase en técnico de organización.

A praza vacante de xefe de Sección de Calidade e Modernización transfórmase en técnico de organización.

Incorpórase ao Servizo a praza de xefe de Sección de Informática Distribuída do Servizo de Informática que prestaba os seus servizos en Asistencia a Municipios con cambio de denominación a xefe de Sección de Asistencia Informática a Municipios.

Incorpórase ao Servizo unha praza de programador de aplicacións do Servizo de Informática que prestaba servizos en Asistencia a Municipios, pasando a depender do xefe de Sección de Asistencia Informática a Municipios.

Incorpóranse ao Servizo cinco prazas de asesores de Sistemas de Xestión Municipal do Servizo de Asistencia a Municipios.

-Área Tributaria

O organigrama da Área Tributaria figura cos postos de traballo sen asignar, dado que ata que non se completen as modificacións informáticas, procedementais e organizativas non se porá en funcionamento a Sección Común de Información e Asistencia ao Contribuínte. Nese momento asignaranse as persoas que ocuparán os postos de traballo de dita Sección.

-Servizo de Xestión Tributaria.

O Servizo pasa a depender da Tesourería da Corporación.

Créanse tres Xefaturas de Negociado que se han cubrir se é posíbel con técnicos de xestión tributaria, en cuxo caso se amortizarían tres prazas de técnicos de xestión tributaria.

Adscríbese un auxiliar adscrito á Sección de Recursos propios ao Servizo de Asistencia Económica a Municipios.

Trasládanse ao Negociado de Información da Sección de Asistencia ao Contribuínte dependente de Tesourería dúas prazas de técnicos de xestión tributaria.

Trasládanse ao Negociado de Información da Sección de Asistencia ao Contribuínte dependente de Tesourería dúas prazas de auxiliar de Administración xeral.

-Servizo de Inspección Tributaria.

O Servizo pasa a depender da Tesourería da Corporación.

Trasládanse ao Negociado de Devolucións da Sección de Asistencia ao Contribuínte dependente de Tesourería unha praza de Técnico de Xestión Tributaria.

Trasládase ao Negociado de Devolucións da Sección de Asistencia ao Contribuínte dependente de Tesourería unha praza de auxiliar de Administración xeral.

-Servizo Provincial de Recadación.

Transfórmase as prazas de dous administrativos laborais nun administrativo e un xefe de Negociado funcionarios.

Créase unha praza de xefe de Negociado de Recursos .

Transfórmase a praza de adxunto a xefe de Sección en Coordinador de Xestión Recadatoria.

Trasládanse seis prazas de auxiliar administrativo á nova Sección de Información ao Contribuínte do Servizo de Recadación.

Créase unha praza de auxiliar administrativo.

Déixase pendente a reestruturación das oficinas de recadación.

-Tesourería

Faise depender da Tesourería a Sección de Asistencia ao Contribuínte (antes adscrita ao Servizo de Recadación) da que dependen as Xefaturas de Negociado de Información (nova) e a Xefatura de Negociado de Devolucións.

Créase unha praza de xefe de Negociado de Información.

Créase unha praza de administrativo.

Trasládanselle ao Negociado de Información da Sección de Asistencia ao Contribuínte, tres prazas de técnicos de xestión tributaria (dous de Xestión Tributaria e un de Inspección)

Trasládanselle ao Negociado de Información da Sección de Asistencia ao Contribuínte dependente de Tesourería nove prazas de auxiliares de Administración xeral (dous de Xestión Tributaria e seis de Recadación).

-Imprenta Provincial.

Créase unha praza de Oficial de Imprenta.

Créase unha praza de Administrativo de Administración Xeral.

Cámbiase a denominación da praza de deseñador gráfico pasando a denominarse responsábel de Edición e Deseño.

Cámbiase a denominación da praza de gaitero do Conservatorio de Danza a “operario auxiliar de servizos” adscribíndose á Imprenta.

A praza vacante de auxiliar de taller amortízase.

Equipáranse os responsábeis de Fotocomposición e Fotoreprodución a xefes de Negociado.

-Biblioteca e Arquivo Provincial

Queda pendente a súa reestruturación.

-Conservatorio de Danza.

Créase unha praza de “profesor de Danza”, funcionario.

Prodúcese a unificación da denominación dos “pianistas” que pasan todos a denominarse “profesor de Música-pianista”.

Recóllese a situación de feito existente pasando a formar parte da Biblioteca e da Imprenta as prazas de gaitero do Conservatorio de Danza con cambio de denominación a “operario auxiliar de servizos”.

Recóllese a situación de feito existente pasando a formar parte da Unidade de Servizos Internos, a praza de xastre/a do Conservatorio con cambio de denominación a “subalerno”

Cámbiase de denominación a praza de “gaitero” a “operario auxiliar de servizos”.

-Colexio Calvo Sotelo:

Sepáranse o Instituto de Ensino Secundario e o Centro Residencial Docente, establecéndose uns Servizos Xerais, co persoal común ao instituto e ao centro residencial.

-Centro Residencial Docente ”Calvo Sotelo”.(CRD)

Decláranse en amortización as seguintes prazas:

*Funcionarios:

Dúas prazas de “limpador/a”

Dúas prazas de “Costureiro/a”

Unha praza de “Subalerno”

*Laborais:

Unha praza de “axudante de cociña”

Dúas prazas de “operarios de servizos varios”

Unha praza de “sereno”

Cámbiase a denominación de dúas prazas de “operario de servizos varios” a “operario auxiliar”

Adscribíense ao Servizo de Enxeñería e Mantemento as seguintes prazas:

Unha de “oficial de Carpintería”

Unha de oficial de Mantemento.

-Servizos comúns:

Estará integrado polo seguinte persoal:

Unha praza de contábel-administrativo.

Tres prazas de auxiliar laboral que se transforman en auxiliar funcionaria.

Dúas telefonistas.

Un ATS.

Dous ordenanzas.

Un sereno.

-Instituto de Ensino Secundario "Calvo Sotelo"(IES)

Equipárase o complemento específico dos profesores co do persoal docente da mesma categoría da Xunta de Galicia.

Créanse as seguintes prazas de profesores:

Unha praza de profesor de secundaria, grupo A, para o Departamento de Orientación.

Tres prazas de profesor técnico de F.P.:

Un para o Departamento de Garantía Social

Un para o Departamento de Fabricación Mecánica.

Un para o Departamento de Madeira.

Reconfigúranse dúas prazas de profesor de FP do grupo B (1 do Departamento de Fabricación Mecánica e 1 do Departamento de Madeira) como profesores de secundaria do grupo A.

Recóllese a situación de feito existente pasando a formar parte do IES Calvo Sotelo a praza de "axudante de Arquivo e Biblioteca" da Biblioteca con cambio de denominación a "profesor de apoio".

-Instituto de Ensino Secundario "Puga Ramón"

Créanse doce prazas de funcionarios "profesores de secundaria", grupos A, nivel 21 e un profesor de apoio, grupo B, nivel 21.

Equipárase o complemento específico dos profesores co do persoal docente da mesma categoría da Xunta de Galicia.

Decláranse en amortización as seguintes prazas:

Funcionarios:

Unha praza de "operario de servizos varios"

Unha praza de "subalerno"

Laborais:

Unha praza de mozo de servizo axudante.

-Fogar Infantil "Emilio Romay"

Créase unha praza de "director" funcionario do grupo A.

Créanse cinco prazas de funcionarios grupo C con categoría de educador.

Créanse catro prazas de funcionarios grupo C con categoría de educador titor.

Intégranse as dúas prazas de cociñeira do grupo E no grupo D.

Adscríbese o mozo de servizo axudante ao Servizo de Enxeñería e Mantemento.
Reclasifícanse prazas de celador/a en auxiliar educador/a grupo D, unha vez realizados os procesos selectivos correspondentes.

Decláranse en amortización:

Cinco prazas de “celador/a.

Unha praza de “operario de servizos varios”.

-Fogar Infantil de Ferrol.

Pásase a funcionario a praza de auxiliar laboral.

Créanse dúas prazas de “educador” funcionario, grupo B.

Créanse dúas prazas de “educador” funcionario, grupo C.

Adscríbese o “mozo de servizo axudante” ao Servizo de Enxeñería e Mantemento.

Declárase en amortización unha praza de “velador/a laboral.

Reclasifícanse prazas de “celador/a” en “auxiliar educador/a” grupo D, unha vez realizados os procesos selectivos correspondentes.

-Pazo de Mariñán.


A Unidade Agrícola do Pazo pasa a depender do Servizo de Patrimonio e Contratación.

Transfórmase a praza de “axudante de cociña” funcionaria nunha praza de “cociñeiro/a” do grupo D.


Como consecuencia de todas as modificacións apróbanse os organigramas que figuran a continuación, coas adscricións provisionais que se sinalan, sen prexuízo de que as reasignacións, readscricións e demais provisións definitivas se efectúen aplicando criterios obxectivos relacionados coas aptitudes, formación, experiencia e antigüidade, logo da negociación previa coa representación sindical.

As alegacións que se formulen contra os novos organigramas, serán estudadas pola Corporación, quen poderá á vista destas realizar cambios no seguinte Pleno.


ORGANIGRAMA GENERAL: NUEVO **DIPUTACIÓN PROVINCIAL**




ORGANIGRAMA UNIDADES: NUEVO FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES




**ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS
PROVINCIALES**




ORGANIGRAMA: NUEVO SECRETARÍA GENERAL




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE PLANES DE
OBRAS Y SERVICIOS




ORGANIGRAMA: NUEVO
OFICIALÍA MAYOR




ORGANIGRAMA: NUEVO ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN




**ORGANIGRAMA: NUEVO
PARQUE MÓVIL**




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA
A MUNICIPIOS




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA
A MUNICIPIOS




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIOS INTERNOS




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE INFRAESTRUCTURAS Y CONSERVACIÓN




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE ARQUITECTURA




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO




ORGANIGRAMA: NUEVO INTERVENCIÓN GENERAL




**ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE CONTABILIDAD**




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE FISCALIZACIÓN




ORGANIGRAMA: NUEVO
SECCIÓN DE PRESUPUESTOS
Y ESTUDIOS ECONÓMICOS




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE DE PLANIFICACIÓN,
DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA




ORGANIGRAMA: NUEVO GABINETE DE PRESIDENCIA




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE INFORMÁTICA




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE ORGANIZACIÓN, CALIDAD Y MODERNIZACIÓN




ORGANIGRAMA: NUEVO SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA




ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA




ORGANIGRAMA PARCIAL: NUEVO
SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN
(SERVICIOS CENTRALES)




ORGANIGRAMA PARCIAL: NUEVO SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (ZONAS RECAUDATORIAS)







ORGANIGRAMA: NUEVO IMPRENTA PROVINCIAL



ORGANIGRAMA: NUEVO BIBLIOTECA - ARCHIVO




ORGANIGRAMA: NUEVO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA




ORGANIGRAMA: NUEVO I.E.S. - CALVO SOTELO

I.E.S. CALVO SOTELO




ORGANIGRAMA: NUEVO
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE -
CALVO SOTELO



(*) ESTAS PLAZAS SE DECLARAN A EXTINGUIR

ORGANIGRAMA: NUEVO
SERVICIOS GENERALES CENTRO
EDUCATIVO CALVO SOTELO




(*) ESTA PLAZA SE DECLARA A EXTINGUIR

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
RAFAEL PUGA RAMÓN**

JEFE SECCIÓN
EDUCACIÓN, CULTURA Y
DEPORTES
MERCEDES FERNANDEZ-
ALBALAT RUIZ
A


I.E.S. RAFAEL PUGA RAMÓN




HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

JEFA DE SECCIÓN SERVICIOS SOCIALES
MARIA SAGRARIO LIANO
A

DIRECTOR
NUEVA
A




HOGAR INFANTIL DE FERROL



(*) ESTA PLAZA SE DECLARA A EXTINGUIR

ORGANIGRAMA: NUEVO PAZO DE MARIÑAN



TÍTULO II.- CADRO DE PERSOAL DO ANO 2006

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA **CADRO DE PERSOAL 2006**

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-GRUPO-PRAZAS

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL

Secretario xeral: A-1
Interventor xeral: A-1
Tesoureiro: A-1
Oficial maior: A-1
Viceinterventor: A-1
Interventor adxunto: A-1
Vicetesoureiro: A-1
Xefe de Servizo de Asistencia Económica: A-1

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SUBESCALAS

Técnica: A-22
Xestión: B-20
Administrativa: C-68
Auxiliar: D-142
Subalterna: E-21

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE DE TÉCNICOS SUPERIORES

Letrado asesor xurídico: A-1
Letrado adxunto: A-1
Arquitecto: A-1
Enxeñeiro industrial: A-1
Enxeñeiro de Vías e Obras: A-2
Arquiveiro bibliotecario: A-1
Técnico de Organización: A-4
Xefe de Servizo de Informática: A-1
Técnico superior de Informática: A-4
Técnico superior de Unión Europea: A-2
Analista: A-8□
Técnico de Normalización Lingüística: : A-2□
Técnico de Políticas de Igualdade: A-1□
Xefe de Servizo de Xestión Tributaria: A-1

Xefe de Servizo de Inspección Tributaria: A-1
Inspector de Tributos Locais: A-1
Profesor secundaria de R. Puga Ramón: A-36
Profesor secundaria de Calvo Sotelo: A-8
Xefe de Serv. Asist. Técnica: A-1
Periodista: A-1
Administrador de Contorno Informático: A-1
Técnico de Xestión Cultural: A-1
Recadador de Tributos Locais: A-1.
Técnico de Prevención de Riscos Laborais: A-1
Médico especialista de Medicina de Traballo/diplomado Medicina de Empresa: A-1
Técnico de Biblioteca e Arquivo: A-1
Técnico de Xestión de Proxectos: A-2
Psicólogo: A-1
Director de Fogar Infantil Emilio Romay: A-1

CLASE DE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO

Profesor de Música- Pianista: B-4
Profesora de Danza: B-6
Arquitectos técnicos: B-3
Enxeñeiros técnicos de Vías e Obras: B-4
Enxeñeiro técnico de Enxe. e Mantemento: B-1
Enxeñeiro técnico agrícola: B-1
Enxeñeiro técnico industrial: B-1
Analista programador: B-2
Encargado de Imprenta: B-1
Técnicos de Servizos Sociais: B-3
Profesor de Fogar de Instituto R. Puga Ramón: B-1
Axudante de Arquivo e Biblioteca: B-11
Enxeñeiros técnicos en Topografía: B-2
Técnicos de Xestión Económico-Financeira: B-20
Profesor E.F. de Instituto Puga Ramón: B-1
Profesor E.C. de Instituto Puga Ramón: B-1
Monitor: B-1
Analistas técnicos: B-3
Subinspector de Tributos Locais: B-2
Técnicos de Xestión Tributaria: B-21
Profesores técnicos de FP : B-14
Profesor de apoio de IES Calvo Sotelo: B-1
Profesor de apoio de IES Puga Ramón: B-1
A.T.S./DUE de Empresa: B-1
Asesor de sistemas de Xestión Municipal: B-5
Técnico de xestión de Administración especial: B-3
Educador de Fogar Infantil de Ferrol: B-2

CLASE DE TÉCNICOS AUXILIARES

Delineantes: C-6
Programador de sistemas: C-3
Técnico de explotación nocturna: C-1
Programador de aplicacións: C-8
Operador de ordenador: C-3
Preparador de traballos: C-1

Encargado de Protocolo: C-1
Monitor técnico: C-2□
Axentes tributarios: C-3□
Especialista en Educación Infantil: C-2
Educador H.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C-5
Educador/ titor : C-6

SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS

PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS

Condutores mecánicos: D-5
Auxiliares de Protocolo e Relacións Públicas: D-2
Auxiliar de Caixa: D-1
Auxiliares gravadores: D-2
Subgobernanta: D-1
Condutores mecánicos: E-9
Telefonista: E-4
Auxiliar repartidora BO: D-1
Celadoras: E-31
Veladoras: E-3

PERSOAL DE OFICIOS

Oficial operario de Servizos: D-2
Auxiliar técnico de Infraest. e Conservación: D-16
Oficiais industriais de Imprenta: D-4
Cociñeiros: D-5
Auxiliar técnico: D-1
Axudantes de Cociña: E-5
Camareiras: E-6
Operario de Servizo: E-1
Operario de Sabón: E-2
Operaria de Servizos Varios: E-4

PERSOAL LABORAL

Recadador de Tributos Locais: 3
Oficiais maiores: 5
Oficiais 1ª (R): 10
Oficiais 2ª (R): 23
Profesores de ensino secundario.: 1
Axudante de Arquivo Biblioteca: 1
Director de Fogar Infantil de Ferrol: 1
Técnico de son: 1
Operario auxiliar serv. de Imprenta: 1
Operario auxiliar serv. de Biblioteca: 1
Operario auxiliar serv. de C. Danza: 1
Oficial operario de Servizos: 3
Contábel administrativo: 1
A.T.S.: 1
Oficial de Mantemento: 1
Oficial de Carpintaría: 1
Ordenanzas: 2

Subalternos: 6
Serenos: 1
Telefonistas: 2
Axudante de Cociña: 4
Oper. de Serv. Varios: 6
Perruqueira: 1 □
Celadoras: 23 □
Encargadas de Portaría: 2
Corrector de Imprenta: 2
Responsábeis de Fotocomposición, Impresión e Deseño Gráfico: 3
Oficiais de Imprenta F.P. II: 7
Oficiais industriais: 1
Auxiliar de Taller: 1
Impresor: 1
Gravadores de texto: 3
Gobernanta de Pazo de Mariñán: 1
Cociñeira: 8
Camareira: 2
Oper. agrícola: 3
Operario agrícola encargado: 1
Auxiliar técnico en Topografía: 2
Mozo de Servizo: 2
Conductor: 1
Veladora "en extinción": 1
Operaria auxiliar de Internado: 2

PERSOAL EVENTUAL

Asesores: 1
Técnicos: 8
Técnicos: 5
Administrativos: 11
Auxiliares: 8

TÍTULO III.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

1.- A contía das retribucións básicas dos funcionarios da Deputación da Coruña, serán as que para cada un dos grupos aos que se refire o artigo 25 da Lei 30/ 1984, de medidas para a reforma da función pública, se fixe anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

2.- O complemento de destino será o correspondente ao nivel que a cada posto lle asigne a relación de postos de traballo. A súa contía será a que anualmente fixe a Lei de orzamentos xerais do Estado.

3.-O complemento específico, increméntase dentro dos límites fixados no artigo 7 do Real decreto 861/86, do 25 de abril, co complemento de produtividade base de cada posto de traballo, fixado no seu día como consecuencia da adecuación do réxime de retribucións do persoal ao citado Real decreto 861/86.

A contía asígnase a cada posto de traballo en atención á súa especial dedicación, dificultade técnica, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O factor de “especial dedicación” afectará a aqueles postos expresamente singularizados polo Pleno na relación de postos de traballo, por considerar que han de exercer a súa actividade cunha dedicación superior á normal, dispoñibilidade que imposibilita aos ocupantes dos mencionados destinos para o desenvolvemento doutro posto de traballo no sector público ou privado.

Os postos de traballo do Corpo de habilitación nacional, Xefaturas de Servizo e condutores do Parque Móbil, incorporan no seu específico o factor de “especial dedicación”.

O factor “especial dedicación” no posto de traballo comporta necesariamente:

- a) Imposibilidade de exercer calquera actividade pola cal se perciba retribución, tanto no sector público, como no privado, susceptible de ser declarada compatible ou incompatible ao abeiro da lexislación vixente en cada momento.
- b) Realización dunha xornada laboral de 40 horas semanais.

c) Libre dispoñibilidade.

A contía do factor de especial dedicación será do 30% das retribucións totais correspondentes ao posto de traballo.

Nos postos de traballo nocturno, o complemento específico leva incorporado o factor “nocturnidade “ cuxa contía será o 17% do total das retribucións dos postos análogos de xornada diúrna.

O factor específico por “quebranto de moeda” afecta a aqueles postos nos que existe unha especial responsabilidade en prestar o servizo de caixa e asumir as perdas que se poidan experimentar nos ingresos e pagamentos. A contía do factor “quebranto de moeda” é de 812,20 euros anuais.

O factor específico por “dispoñibilidade inmediata” para se incorporar ao seu posto de traballo por razón dunha urxente necesidade aparecerá recollido no complemento

específico, nunha contía determinada por cada xornada asignada como de posíbel dispoñibilidade, que se determinará a través da correspondente relación de postos de traballo. A percepción deste concepto será incompatíbel co aboamento de horas extraordinarias.

Aos traballadores que con carácter xeral prestan servizos os domingos e festivos incorpóraselles o factor específico” de festivo”.

O persoal docente percibirá o complemento específico e o de cargos directivos que perciban os funcionarios docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O persoal que traballe a quendas percibirá o factor específico “a quendas” na contía que se negocie coa representación sindical para cada posto de traballo.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. 2006

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
ASESORÍA XURÍDICA											
ASESOR XURÍDICO	28	A	1	23.297,28	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN
LETRADO ASESOR ADXUNTO	26	A	1	21.254,22	S	C		A.E.	Ldo. Dereito		ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C	1	4.637,84	N	C.		A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
BIBLIOTECA PROVINCIAL											
ARQUIVEIRO-BIBLIOTECARIO	24	A	1	11.174,20	S	C.		A.E.	Ldo.Xeog.H.-Documentación		
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA	21	B	10	5.830,92	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-Arquivo		
XEFE NEGOCIADO	22	B	1	7.180,13	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-Arquivo		
TÉCNICO BIBLIOTECA E ARQUIVO	22	A	1	7.180,13	N	C.		A.E.	Ldo. Xeog.H.-Biblioteconomía.		
ESPECIALISTA EDUCACIÓN INFANTIL	19	C	2	4.637,84	N	C.		A.E.	Técnico superior Educ.Infantil		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	8	4.028,93	N	C.	A3-1	A.X.	4		(2 OCUPADAS AUX. LABORAIS)
SUBALTERNO	13	E	2	3.939,92	N	C.		A.X.	5		
ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN											
XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		A.X./AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		A.X./AE	2/3/9		

TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	1	5.830,91	N	C.	A.X.	9
---------------------------------	----	---	---	----------	---	----	------	---

POSTO DE TRABALLO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
ADMINISTRATIVO	19	C	2	4.637,84	N	C		A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	7	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
TELEFONISTA	13	E	2	5.275,66	N	C.		A.E.	5		
IES CALVO SOTELO											
PROFESOR SECUNDARIA	24	A	8	4.494,53	S	C.		A.E.	Ldo. espec. materia impartir		(1 OCUPADA FUNC. GRUPO B)
PROFESOR TÉCNICO F.P.	24	B	14	4.494,53	S	C.		A.E.	Téc. espec. FP 2 ou equiv.		
PROFESOR DE APOIO	21	B	1	5.830,92	N	C.		A.E.	Diplomado		
SERVIZOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO											
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	3	4.028,93	N	C.		A.X.	4		(3 OCUPADAS AUXILIAR ADM.LAB.)
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO											
COCIÑEIRO/A	15	D	1	5.706,88	N	C.		A.E.	4		
LIMPADOR/A	13	E	2	3.345,94	N	C.		A.E.	5		
AXUDANTE COCIÑA	13	E	1	5.217,11	N	C.		A.E.	5		
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA											
PROFESOR DANZA	21	B	6	5.830,92	N	C.		A.E.	Dip. Ballet Clásico		(4 OCUPADAS PROF. LABORAIS)
PROFESOR MÚSICA PIANISTA	21	B	4	5.830,92	N	C.		A.E.	Dip. Música ou equiv.		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
CONTABILIDADE											
XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.		A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN REC. MUNIC. E CONTA XERAL	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE SECC. CONTAB. E OPER.											

NON ORZAMENT. POSTO DE TRABALLO	24	A/B	1	11.174,20	S	C.	AX/AE	1/2/9	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA ADM	ESCALA	TITULACIÓN		
XEFE NEGOC. CONT. FINANC. E ORZAMENT.	22	B/C	1	7.180,13	N	C.	AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOC. REC. MUNIC. E CONTA XERAL	22	B/C	1	7.180,13	N	C.	AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOC. CONT. ANAL. E PATRIMONIAL	22	B/C	1	7.180,13	N	C.	AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO FACTURAS TÉCNICO XESTIÓN	22	B/C	1	7.180,13	N	C.	AX/AE	2/3/9		
ECON-FINANCEIRA	21	B	1	5.830,92	N	C.	A.E.	2		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	4.637,84	N	C.	A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	6	4.028,93	N	C.	A.X.	4		
ENXEÑERÍA E MANTEMENTO										
XEFE DE SERVIZO ENXEÑERÍA E MANTEMENTO	28	A	1	23.297,31	S	C.	A.E.	Enxeñeiro industrial		ESPECIAL DE DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	4.028,93	N	C.	A.X.	4		
OFICIAL OPERARIO SERVIZOS	16	D	2	6.093,22	N	C.	A.E.	4		
OPERARIO/A OFICIOS VARIOS	13	E	1	3.345,94	N	C.	A.E.	5		
ENXEÑEIRO TÉCNICO	21	B	1	5.830,92	N	C.	A.E.			
ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO										
ASESOR	28	A	1	29.650,91	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	26	A	4	21.254,22	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	24	A	4	18.516,69	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	21	B	5	13.187,71	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C	11	10.546,98	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	3	8.909,07	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	5	4.028,93	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
FISCALIZACIÓN										
XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.	A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN 1	24	A/B	1	11.174,20	S	C.	AX/AE	1/2/9		

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES
XEFE SECCIÓN2	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO (RECURSOS PROPIOS)	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. PERSOAL	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. PLANS	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO I (REC. OUTROS ENTES PÚBL.)	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. SUBVEN.	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. CONVEN.	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
TÉCNICO XESTIÓN ECON-FINANCEIRA	21	B	1	5.830,92	N	C.		A.E.	2		
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	1	5.830,92	N	C.		A.E.	2		
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	5	5.830,92	N	C.		A.X.	9		
ADMINISTRATIVO	19	C	5	4.637,84	N	C.		A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	12	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY											
DIRECTOR/A	22	A	1	7.180,13	N	C.		A.E.	Lic. Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía		
PSICÓLOGO/A	22	A	1	4.077,42	N	C.		A.E.	Lic. Psicología		½ XORNADA
EDUCADOR/A	19	C	5	8.139,02	N	C.		A.E.	Técnico superior Educ. Infantil		QUENDAS DE 24 HORAS
EDUCADOR/A TITOR/A	19	C	4	4.637,84	N	C.		A.E.	Técnico superior Educ. Infantil		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
COCIÑEIRO/A	15	D/E	3	5.706,93	N	C.		A.E.	4		(2 ocupadas funcionarios grupo E)
CELADOR/A	13	E	29	4.622,02	N	C.		A.E.	5		19 EN EXTINCIÓN
TELEFONISTA	13	E	2	5.275,66	N	C.		A.E.	5		
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS	13	E	2	3.341,61	N	C.		A.E.	5		
AXUDANTE COCIÑA	13	E	1	5.217,11	N	C.		A.E.	5		
VELADOR/A	13	E	3	7.122,52	N	C.		A.E.	5		

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES
FOMENTO E SERVIZOS PROVINCIAIS											
XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.		A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE SECCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE SECCIÓN EDUC. CULTURA E DEPORTES	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
TÉCNICO XESTIÓN CULTURAL	24	A	1	18.516,64	S	C.		A.E.	Lic. Área C. Humanas		ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO NORMALIZ.LINGÜÍST.	22	A	2	7.180,13	N	C		A.E.	Ldo. Fil H-Galego		
TÉCNICO POLÍTICAS IGUALD.	22	A	1	7.180,13	N	C.		A.E.			
TÉCNICO SERV. SOCIAIS											
XEFE UNIDADE TÉCN.	22	B	1	12.529,21	N	C.		A.E.	Dip. Traballo Social		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE NEGOCIADO DEPORTES	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO PROMOCIÓN ECONÓMICA	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO SERVIZOS SOCIAIS	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO CULTURA	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
TÉCNICO SERV. SOCIAIS	21	B	2	5.830,92	N	C.		A.E.	Dip. Traballo Social		
TÉCNICO XEST. ADM. XERAL	21	B	2	5.831,42	N	C.		A.X.	9		
ADMINISTRATIVO	19	C	7	4.637,84	N	C.		A.X.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	10	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA											
XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.		A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN UE E AC. EXT.	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		A.X/AE	1/2/9		
TÉCNICO XESTIÓN PROXECTOS	22	A	2	7.579,61	N	C.		A.E.	1/6/7		
TÉCNICO SUPERIOR UNIÓN EUROPEA	22	A	2	6.636,39	N	C.		A.E.	1/7		
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
ADMINISTRATIVO	19	C	2	4.637,84	N	C.		A.X.	3		

AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	4.028,93	N	C.	A.X.	4
-----------------------	----	---	---	----------	---	----	------	---

POSTO DE TRABALLO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES
-------------------	-------	-------	----------	------------------------	----	-----------------	-----	--------	------------	----------------------	---------------

IMPRENTA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL

ENCARGADO IMPRENTA	21	B	1	15.418,31	N	C.		A.E.	2		ESPECIAL DEDICACIÓN
OFICIAL INDUSTRIAL	16	D	4	6.100,31	N	C.		A.E.	4		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	4.637,84	N	C.		A.X.	4		

INSPECCIÓN TRIBUTARIA

XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.		A.E.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
INSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	26	A	1	21.254,25	S	C.		A.E.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
SUBINSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	24	B	2	8.248,78	S	C.		A.E.	2		
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	1	5.830,91	N	C.		A.E.	2		
AXENTE TRIBUTARIO	21	C	3	5.811,89	N	C.		A.E.	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	3	4.028,93	N	C.		A.X.	4		

IES RAFAEL PUGA RAMÓN

PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	24	A	36	4.494,63	S	C.		A.E.	Ldo. sup. espec.		
PROFESOR DE APOIO	21	B	1	5.830,92	N	C.		A.E.	Diplomado		
PROFESOR EDUCACIÓN FÍSICA	24	B	2	4.494,63	S	C.		A.E.	Ldo. sup. espec.		
PROFESOR FOGAR	24	B	1	4.494,63	S	C.		A.E.	Diplom. espec.		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	4.028,93	N	C.		A.X.	4		
CELADOR/A	13	E	2	4.622,02	N	C.		A.E.	5		

INTERVENCIÓN XERAL

INTERVENTOR XERAL	30	A	1	33.469,67	S	L.D.	H.N.	A.X.		Méritos Pleno 30/01/2004	Hab. nac. ESP. DEDICACIÓN
VICEINTERVENTOR	30	A	1	29.650,91	S	L.D.	H.N.	A.X.			Hab. nac. ESP. DEDICACIÓN
INTERVENTOR ADXUNTO	30	A	1	29.650,91	S	L.D.	H.N.	A.X.			Hab. nac. ESP. DEDICACIÓN
SECRETARÍA	22	B/C	1	7.180,13	N	L.D.		A.X.	2/3/9		

SECRETARÍA	17	D	1	4.311,04	N	L.D.	A.X.	4
------------	----	---	---	----------	---	------	------	---

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIONES
------------------	-------	-------	----------	------------------------	----	-----------------	-----	--------	------------	----------------------	---------------

ORZAMENTOS E ESTUDOS ECONÓMICOS

XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
TÉCNICO XEST. ADM. XERAL	21	B	1	5.830,91	N	C.		A.X.	9		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	4.637,84	N	C.		A.X.	3		
TÉCNICO XEST. ADM. ESPECIAL	21	B	1	5.690,75	S	C.		A.E.	Diplomado Económicas		

PARQUE MÓBIL

XEFE PARQUE MÓBIL	18	D	1	11.497,38	N	C.		A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	8.908,07	N	C.		A.X.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
SUBXEFE PARQUE MÓBIL	16	D	1	9.279,43	N	C.		A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
CONDUTOR PRESIDENCIA	15	D	2	17.674,90	N	C.		A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
CONDUTOR	15	D/E	10	9.662,78	N	C.		A.E.	4		ESP.DED. (9 ocupadas func. grupo E)

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

XEFE SERVIZO	28	A	1	23.297,31	S	C.		A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	11.174,20	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO OBRAS	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEE NEGOCIADO PATRIMONIO E EXPROPIAC.	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO CONTRATOS ESPEC. CONV.	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO SUBMINISTRACIÓN	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	22	B	1	7.352,44	N	C.		A.E.	Enxeñeiro téc.-agric.		
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	3	5.830,91	N	C.		A.X.	9		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C	3	4.637,84	N	C.		A.X.	3		

AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	11	4.028,93	N	C.	A.X.	4
-----------------------	----	---	----	----------	---	----	------	---

POSTO DE TRABALLO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
-------------------	-------	-------	----------	------------------------	----	-----------------	-----	--------	------------	----------------------	--------------

PAZO DE MARIÑÁN

SUBGOVERNANTA	16	D	1	4.748,14	N.	C.		A.E.	4		RESIDENCIA CULTURAL
COCIÑEIRO/A	15	D	1	5.706,88	N	C.		A.E.	4		
AXUDANTE DE COCIÑA	13	E	2	5.217,11	N	C.		A.E.	5		RESIDENCIA CULTURAL
CAMAREIRO/A	13	E	6	5.217,11	N	C.		A.E.	5		RESIDENCIA CULTURAL

SECRETARÍA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS

PERIODISTA	24	A	1	18.516,69	S	C.		A.E.	Ldo.C. Inf.- Xornalismo		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	7.180,13	N	C.		AX/AE	2/3/9		
ENCARGADO PROTOCOLO	21	C	1	17.967,44	N	C.		A.E.	3		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL											
PRESIDENCIA	18	D	1	9.706,26	N	C.		A.X.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
SECRETARIO/A											
VICEPRESIDENCIA	17	D	1	4.311,10	N	L.D.		A.X.	4		
AUXILIAR RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO	16	D	2	4.028,93	N	C.		A.E.	4		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	8.916,29	N	C.		A.X.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN

SECRETARÍA XERAL

OFICIAL MAIOR	30	A	1	29.650,91	S	L.D.	H.N.	A.X.			Hab.nac. ESP. DEDICACIÓN
SECRETARIO XERAL	30	A	1	33.469,67	S	L.D.	H.N.	A.X.			Hab.nac. ESP. DEDICACIÓN
SECRETARIO/A DE SECRETARÍA XERAL	22	B/C	1	7.180,13	N	L.D.		A.X.	2/3/9		
SECRETARIO/A DE OFICIALÍA MAIOR	17	D	1	4.311,10	N	L.D.		A.X.	4		

SERVIZO DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS

XEFE SERVIZO ASISTENCIA											
-------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

